| EMILIO GALÁN AMOR | 1 002052 | 30/10/15 | MAGOSTO 2015 | 170,31 € |
| SEVERIANO SERVICIO MÓVIL,S.A. | MG 20150310 | 30/09/15 | TRASLADO AULAS DO CPI AO IES | 1.452,00 € |
| QUINMISLIM,S.L. | 1 1580 | 04/10/15 | PRODUCTOS LIMPEZA | 998,86 € |
| MERCEDES GARCIA PONTE | L 1.092 | 30/12/15 | LIMPEZA SUSTITUCIÓN GALIÑA AZUL | 57,21 € |
| MERCEDES GARCIA PONTE | L 1.091 | 30/12/15 | LIMPEZA SUSTITUCIÓN CENTRO DEPORTIVO | 257,44 € |
| BNP PARIBAS LEASE GROUP | FLL AUD34285 | 01/12/15 | ALUGUER FOTOCOPIADORA | 230,38 € |
| COCA-COLA IBERIAN PARTNERS,S.A. | 2509356411 | 30/11/15 | AUGA | 80,78 € |
| COCA-COLA IBERIAN | 2508403325 | 31/10/15 | AUGA | 63,10 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PARTNERS,S.A. | | | | |
| COCA-COLA IBERIAN PARTNERS,S.A. | 2508110293 | 12/10/15 | AUGA | 14,56 € |
| COCA-COLA IBERIAN PARTNERS,S.A. | 2506087771 | 10/08/15 | AUGA | 33,40 € |
| MANAKEL ENTERTAINMENT, S.L. | 15 46 | 363 | EXHIBICIÓN FILME | 363,00 € |
| L.BUGALLO,S.L. | 1275 | 31/10/15 | GASOLEO | 2.121,80 € |
| L.BUGALLO,S.L. | 1368 | 30/11/15 | GASOLEO | 2.166,91 € |
| DISCOFERRO GALICIA, S.L. | 4967 | 16/11/15 | MATERIAL FERRETERÍA | 73,02 € |
| TALLERES FERREIRO Y COUTO, S.L. | 1 | 10/12/15 | REVISAR PARA ITV VEHICULO C-0579-AW | 80,43 € |
| AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "XENTE NOVA" | XAN. A DEC. 2015 | 02/02/16 | SUMINISTRO ELECTRICO LOCAL SOCIAL TABEAIO | 1.025,21 € |
| AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "XENTE NOVA" | XAN. A DEC. 2013 | 10/10/14 | SUMINISTRO ELECTRICO LOCAL SOCIAL TABEAIO | 1.264,51 € |
| FOMOGAL S.L.U | 1 5 | 25/09/15 | OBRA COLEXIO | 2.916,58 € |
| **TOTAL** | | | | **45.941,06 €** |

**4.- PROPUESTA DE SOLICITUD DE PARTICIPACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL EN EL PROGRAMA DE AYUDAS PARA LA RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL, AL AMPARO DE LA RESOLUCIÓN DE 28 DE ABRIL DE 2015, DEL INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICACIÓN Y EL AHORRO DE LA ENERGÍA, POR LA QUE SE PUBLICA LA RESOLUCIÓN DE 24 DE MARZO DE 2015, DEL CONSEJO DE ADMINISTRACIÓN, POR LA QUE SE ESTABLECEN LAS BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE TAL PROGRAMA (BOE Nº 107, DE 5 DE MAYO DE 2015).**

**EXPOSICIÓN**

En el expediente de la sesión consta la siguiente propuesta de la Alcaldía al Pleno, del 10 de marzo de 2016, como sigue:

"**PROPUESTA DE LA ALCALDÍA AL PLENO**

***Asunto: Solicitud de participación del Ayuntamiento de Carral (A Coruña) en el programa de ayudas para la renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal, al amparo de la Resolución de 28 de abril de 2015, del Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía, por la que se publica la Resolución de 24 de marzo de 2015, del Consejo de Administración, por la que se establecen las bases reguladoras y convocatoria de tal programa (BOE nº 107, de 5 de mayo de 2015).***

*Don José Luís Fernández Mouriño, alcalde del Concello de Carral (A Coruña), al amparo de la Resolución del 28 de abril de 2015, del Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía, por la que se publica la Resolución del 24 de marzo de 2015, del Consejo de Administración, por la que se establecen las bases reguladoras y convocatoria del programa de ayudas para la renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal, cuyo objeto es el de incentivar y promover la realización de actuaciones en el sector de alumbrado exterior municipal que reduzcan las emisiones de dióxido de carbono mediante la ejecución de proyectos de ahorro y eficiencia energética, contribuyendo a alcanzar con ello los objetivos de reducción del consumo de energía final que fija la Directiva 2012/27/UE.*

*Teniendo en cuenta que el objeto de tal programa es incentivar y promover la realización de actuaciones en el sector de alumbrado exterior municipal que reduzcan las emisiones de dióxido de carbono, mediante la ejecución de proyectos de ahorro y eficiencia energética, y que las ayudas a que se refiere la convocatoria revisten la modalidad de préstamo reembolsable sin interés, con las características indicadas en la base sexta.*

*Teniendo en cuenta que la intención de esta Administración es participar en dicho programa de ayudas y que para ello hay que inicar la solicitud de préstamo reembolsable que ascendería a la cantidad de 357.289 euros.*

*Visto al efecto que consta en el expediente la siguiente documentación exigida en la base décima. 5 de la referida resolución:*

*A).- Memoria descriptiva de las actuaciones a acometer, fechada en A Coruña a 4 de diciembre de 2015, con el siguiente título : "MEMORIA DESCRIPTIVA. Programa: Programa de ayudas para la renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal. Proyecto: Renovación del alumbrado público del Ayuntamiento de Carral. Medida: Renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal", en los términos establecidos en las letras a) y c) de la base décima. 5 de la resolución de convocatoria.* [Con fecha de 16 de marzo de 2016, el señor Arquitecto Municipal, D. Félix Quijano Yáñez, firma además la memoria en su página 15].

*En tal memoria se propone la realización de las actuaciones que en ella se indican por importe de 357.289,00 €, importe por el que se propone solicitar el correspondiente préstamo según la convocatoria.*

*B).- Informe emitido el 29 de enero de 2016 por la Interventora del Ayuntamiento, Noemí González Mato, relativo a la evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria por parte del Ayuntamiento de Carral.*

*C).- Declaración responsable(según el modelo del anexo II de la resolución), suscrita el 10 de marzo de 2016 por este Alcalde, como representante legal del Ayuntamiento de Carral.*

*D).- Informe emitido el 29 de enero de 2016 por la Interventora del Ayuntamiento, Noemí González Mato, según el cual "(...) el Ayuntamiento de Carral no está incurso en ninguno de los supuestos regulados en el artículo 53 del TRLRHL ni en los regulados en el artículo 13.5 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera".*

*Vista, por otra parte, la necesidad de que la memoria de la actuación y la solicitud sean suscritas por un técnico que preste servicios en el Ayuntamiento de Carral.*

*En uso de las atribuciones que me confiere el artículo 21.1 a), c) y d) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local (LRBRL), y 80 y 82 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, previo dictamen de la comisión informativa correspondiente,* **PROPONGO AL PLENO DEL AYUNTAMIENTO** *,coma órgano competente en la materia que adopte, los siguientes*

**A C U E R D O S**

**1.-** *Aprobar la participación del Ayuntamiento de Carral (A Coruña) en el presente programa de ayudas y la aceptación de sus bases reguladoras.*

**2.-** *Aprobar la concertación de la operación de préstamo reembolsable de la ayuda solicitada y su cuantía (357.289 euros ).*

**3.-** *Aprobar la consideración de IDAE como acreedor preferente, por razón de dicha operación de préstamo, por lo que los pagos correspondientes a la amortización del principal del mismo, intereses de demora, o eventuales penalizaciones gozarán de lugar preferente en el orden de prelación de pagos, tras los gastos de personal, en el plan de disposición de fondos de tesorería de la entidad solicitante, durante el período de vigencia del correspondiente contrato de préstamo.*

**4.-** *Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones a acometer relativa a la renovación del alumbrado público de este Concello, a la que se refiere el subapartado c de la base décima de las bases reguladoras, y que se menciona en la parte expositiva de estos acuerdos.*

*5.- Encomendar al arquitecto municipal, D. Félix Alberto Quijano Yáñez (DNI 32.663.274-P), la presentación de la solicitud en nombre del Ayuntamiento de Carral, a través de la aplicación correspondiente de la dirección de internet del IDAE (www.idae.es), conforme al formulario que figure en la misma, según lo establecido en la base décima.2 de la resolución que regula la convocatoria. ".*

La comisión informativa permanente de asuntos generales del Pleno emitió, en su sesión extraordinaria celebrada el 15 de marzo de 2016, dictamen favorable a la propuesta, en votación ordinaria, por unanimidad de los nueve señores/as concejales/as que componen el órgano y estuvieron presentes en la sesión.

**DEBATE**

El señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) manifesta que se trata de un préstamo sin intereses para cambiar, de alrededor de unas novecientas farolas, unas seiscientas a leds, lo cual ahorrará dinero y contaminación lumínica, pero ruega que al elaborar los pliegos (lo cual, en su opinión, ha de ser laborioso, pues para los que ha comentado en el punto anterior de la sesión no han llegado seis años) se establezcan las condiciones de materiales y mantenimiento necesarias para que compense el dinero que se ahorre.

El señor Couto López (grupo municipal del PSdeG-PSOE) indica que está de acuerdo con la ayuda, pero no con que se reduzca la intensidad lumínica, como se ha hecho en Tabeaio, lo cual se ha de evitar mediante el contrato que se haga.

**VOTACIÓN Y ACUERDOS**

Sometida a votación, el Pleno aprueba la propuesta, en votación ordinaria, por unanimidad de los doce señores/as concejales/as presentes en la sesión, adoptando los siguientes acuerdos:

**1.-** Aprobar la participación del Ayuntamiento de Carral (A Coruña) en el presente programa de ayudas y la aceptación de sus bases reguladoras.

**2.-** Aprobar la concertación de la operación de préstamo reembolsable de la ayuda solicitada y su cuantía (357.289 euros ).

**3.-** Aprobar la consideración de IDAE como acreedor preferente, por razón de dicha operación de préstamo, por lo que los pagos correspondientes a la amortización del principal del mismo, intereses de demora, o eventuales penalizaciones gozarán de lugar preferente en el orden de prelación de pagos, tras los gastos de personal, en el plan de disposición de fondos de tesorería de la entidad solicitante, durante el período de vigencia del correspondiente contrato de préstamo.

**4.-** Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones a acometer relativa a la renovación del alumbrado público de este Concello, a la que se refiere el subapartado c de la base décima de las bases reguladoras, y que se menciona en la parte expositiva de estos acuerdos.

**5.-** Encomendar al arquitecto municipal, D. Félix Alberto Quijano Yáñez (DNI 32.663.274-P), la presentación de la solicitud en nombre del Ayuntamiento de Carral, a través de la aplicación correspondiente de la dirección de internet del IDAE (www.idae.es), conforme al formulario que figure en la misma, según lo establecido en la base décima.2 de la resolución que regula la convocatoria.

**5.-PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA 73/2016, DO 4 DE MARZO DE 2016 (APROBACIÓN DE CORRECIÓN DE ERROS NA MEMORIA E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN CON INSTALACIÓN DENOMINADA "*RENOVACIÓN Y AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL DEL CAMPO DA FEIRA DE CARRAL. CONCELLO DE CARRAL.*", INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE DE CARÁCTER SOCIAL IMPUTADO AO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).**

**EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 10 de marzo de 2016, como segue:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Ratificación do decreto da Alcaldía 73/2016, do 4 de marzo de 2016 (Aprobación de correción de erros na memoria e prego de prescricións técnicas para a subministración con instalación denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", investimento financeiramente sostible de carácter social imputado ao Plan de acción social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña).***

*Logo de ver que o Pleno do Concello de Carral, na súa sesión realizada o 15 de decembro de 2015, aprobou a súa solicitude para a participación no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, e que nela se incluiu coma investimento financeiramente sostible de carácter social a subministración (con instalación) denominada "Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral"*

*Logo de ver que, tras remitirse a devandita memoria á Deputación Provincial, con data do 22 de febreiro se requiriu a correción nela de varias cuestións: " (...) Cando se prescriben valores numéricos (tamaños, pesos, capacidades, velocidades) debe indicarse un rango aceptable en vez dun valor absoluto, a fin de non restrinxir as posibilidades de concurrencia de ofertas. Salvo que xa estean incluídas no prgo de prescricións administrativas, é preciso incluír especificacións no canto a : Prazos e condicións de entrega. Prazos mínimos e condicións de garantía. Condicións mínimas de mantemento das equipas, mobiliario e aparatos (tempo máximo de resposta ante avarías ou incidencias, dispoñibilidade de repostos e accesorios, ...). O capítulo 0.1.6 do Orzamento non é subvencionable si se trata do cártel de obra. Aparecen referencias a marcas comerciais. O Concello deberá aprobar o prego corrixido polo órgano competente. ".*

*Logo de efectuar o técnico redactor da memoria as correccións solicitadas e achegar unha nova versión da memoria o 4 de marzo de 2016, o arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, con data do 4 de marzo de 2016, emitiu para o Concello un informe no que indica:"(...) **ASUNTO:** Ratificación sobre os informes técnico e técnico – xurídico asinados en data 4 de decembro de 2015.*

***INFÓRMASE:***

***I.-Ratificación dos informes.***

*Logo das correccións feitas polo autor da memoria para a Renovación e ampliación de parque infantil no Campo da Feira en Carral, realizadas debido ao requirimento realizado pola Deputación Da Coruña, e tras examinar que as correccións feitas, non inciden no contido dos informes realizados, ratifícome no meu informe técnico asinado en data 4 de decembro de 2015, e na parte correspondente do meu informe técnico xurídico de data 4 de decembro de 2015 .*

*É todo canto teño a ben informar.".*

*Logo de ver que os citados cambios introducidos na memoria, a pedimento da Deputación Provincial da Coruña, se refiren á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada pola entidade provincial, e dado que os devanditos cambios*

*non afectan á natureza do investimento a realizar nin á súa valoración económica, polo que se entende que son aplicables á memoria corrixida os informes emitidos en relación á versión antes aprobada desta.*

*Aos efectos de dar cumprimento ao solicitado no devandito requirimento, dentro do prazo de dez días hábiles outorgado ao efecto, esta Alcaldía ditou o 4 de marzo de 2016 o decreto que se transcribe a continuación:*

**"DECRETO DA ALCALDÍA 73/2016**

***Asunto: Aprobación de correción de erros na memoria e prego de prescricións técnicas para a subministración con instalación denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", investimento financeiramente sostible de carácter social imputado ao Plan de acción social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.***

*Logo de ver que o Pleno do Concello de Carral, na súa sesión realizada o 15 de decembro de 2015, aprobou a súa solicitude para a participación no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, e que nela se incluiu coma investimento financeiramente sostible de carácter social a subministración (con instalación) denominada "Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral", para a cal se redactou a memoria e prego de prescricións técnicas denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", redactados en decembro de 2015 polo enxeñeiro forestal e do medio natural D. Julio Calderón Carrero (colexiado 4.986). Tal memoria, previo o correspondente informe técnico, foi aprobada polo Pleno do Concello na devandita sesión.*

*Logo de ver que, tras remitirse a devandita memoria á Deputación Provincial, con data do 22 de febreiro se requiriu a correción nela de varias cuestións: " (...) Cando se prescriben valores numéricos (tamaños, pesos, capacidades, velocidades) debe indicarse un rango aceptable en vez dun valor absoluto, a fin de non restrinxir as posibilidades de concurrencia de ofertas. Salvo que xa estean incluídas no prgo de prescricións administrativas, é preciso incluír especificacións no canto a : Prazos e condicións de entrega. Prazos mínimos e condicións de garantía. Condicións mínimas de mantemento das equipas, mobiliario e aparatos (tempo máximo de resposta ante avarías ou incidencias, dispoñibilidade de repostos e accesorios, ...). O capítulo 0.1.6 do Orzamento non é subvencionable si se trata do cártel de obra. Aparecen referencias a marcas comerciais. O Concello deberá aprobar o prego corrixido polo órgano competente. ".*

*Logo de efectuar o técnico redactor da memoria as correccións solicitadas e achegar unha nova versión da memoria o 4 de marzo de 2016, o arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, con data do 4 de marzo de 2016, emitiu para o Concello un informe no que indica:"(...)* ***ASUNTO:*** *Ratificación sobre os informes técnico e técnico – xurídico asinados en data 4 de decembro de 2015.*

***INFÓRMASE:***

***I.-Ratificación dos informes.***

*Logo das correccións feitas polo autor da memoria para a Renovación e ampliación de parque infantil no Campo da Feira en Carral, realizadas debido ao requirimento realizado pola Deputación Da Coruña, e tras examinar que as correccións feitas, non inciden no contido dos informes realizados, ratifícome no meu informe técnico asinado en data 4 de decembro de 2015, e na parte correspondente do meu informe técnico xurídico de data 4 de decembro de 2015 .*

*É todo canto teño a ben informar.".*

*Logo de ver que os citados cambios introducidos na memoria, a pedimento da Deputación Provincial da Coruña, se refiren á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada pola entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza do*

*investimento a realizar nin á súa valoración económica,* ***polo que se entende que son aplicables á memoria corrixida os informes emitidos en relación á versión antes aprobada desta.***

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,*

***RESOLVO:***

**1.**-*Aprobar aos efectos da solicitude á Deputación Provincial de financiamento ao abeiro do Plan de acción social (PAS) 2015 a memoria e prego de prescricións técnicas denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", en que se recollen as emendas requiridas pola Deputación Provincial da Coruña:*

| Denominación da subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral | 220.278,81 € | 0,00 € | 220.278,81 € |
| **SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL** | **220.278,81 €** | **0,00 €** | **220.278,81 €** |

**2.**-*Dar conta ao Pleno deste Concello da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación, na primeira sesión que se realice a partires da data (xa que foi imposible someter este expediente a tal órgano municipal, polo reducido prazo para a realización das emendas requiridas, que non estiveron ultimadas até o derradeiro día do devandito prazo).*

**3.**-*Dar traslado á Deputación Provincial da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte para a súa inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015 .".*

*O devandito decreto foi remitido telematicamente á Deputación o mesmo 4 de marzo de 2016, xunto cunha copia da memoria emendada.*

*Dado que, de acordo coas bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, foi o Pleno do Concello de Carral o que aprobou a memoria e a solicitude de inclusión no devandito Plan,* **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL** *que, previo o ditame preceptivo da correspondente comisión informativa, adopte os seguintes*

***ACORDOS***

**1.**- *Tomar razón do decreto da Alcaldía 73/2016, do 4 de marzo de 2016 e ratificalo, aprobando así aos efectos da solicitude á Deputación Provincial de financiamento ao abeiro do Plan de acción social (PAS) 2015 a memoria e prego de prescricións técnicas denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", en que se recollen as emendas requiridas pola Deputación Provincial da Coruña:*

| Denominación da subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral | 220.278,81 € | 0,00 € | 220.278,81 € |
| **SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL** | **220.278,81 €** | **0,00 €** | **220.278,81 €** |

**2.**-*Dar traslado á Deputación Provincial deste acordo plenario para a súa inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015 .".*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión extraordinaria do 15 de marzo de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as nove señores/as concelleiros/as que compoñen o órgano e se atopaban presentes na sesión.

**DEBATE**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que se trata de realizar modificacións nun proxecto que é importante e necesario para os rapaces, e pide que se fagan no seu intre os pregos de contratación nas mellores condicións en beneficio dos veciños.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que se trata de temas burocráticos e normativos, mais reitera que xa dixo varias veces que se debía verificar que o valado exterior (que non figura no proxecto) cumpra a normativa, e que a licitación se realice mediante concurso aberto.

O señor Alcalde resposta que así se fará pola contía do proxecto.

**VOTACIÓN E ACORDO**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión( sete do grupo municipal do PP, catro do grupo municipal do PSdeG-PSOE -dos/as cinco que o compopñen- e o único membro do grupo mixto), adoptando os seguintes acordos:

**1.-** Tomar razón do decreto da Alcaldía 73/2016, do 4 de marzo de 2016 e ratificalo, aprobando así aos efectos da solicitude á Deputación Provincial de financiamento ao abeiro do Plan de acción social (PAS) 2015 a memoria e prego de prescricións técnicas denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", en que se recollen as emendas requiridas pola Deputación Provincial da Coruña:

| Denominación da subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral | 220.278,81 € | 0,00 € | 220.278,81 € |
| **SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL** | **220.278,81 €** | **0,00 €** | **220.278,81 €** |

**2.-**Dar traslado á Deputación Provincial deste acordo plenario para a súa inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015 .

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE CARRAL.**

**EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de marzo de 2016, como segue:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Carral.***

*Logo de ver o documento "Plan Xeral de Ordenación Municipal. Documento de aprobación inicial", na súa versión datada en febreiro de 2016, elaborado por Estudio Técnico Gallego, S.A., e co contido indicado no escrito presentado o 29 de febreiro de 2016 ( con nº de rexistro de entrada 458) e, coas correcións realizadas en marzo de 2016 e indicadas no escrito presentado o 7 de marzo de 2016 (nº de rexistro de entrada 525).*

*Para chegar á redacción de tal documento seguiuse a tramitación que se indica no apartado de antecedentes do informe emitido pola técnica de administración xeral do Concello, Dª Sonia Campos Ares, que se indicará a continuación.*

*Logo de ver o informe técnico emitido conxuntamente polos señores arquitecto (D. Félix Quijano Yáñez) e arquitecto técnico do Concello (D. Francisco José Goyanes Fernández) con data do 7 de marzo de 2016, no que se conclúe que "(...)dado que se cumpre coa lexislación vixente e que se atenderon todas as observacións realizadas no informe previo á aprobación inicial da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e as observacións e prescricións feitas nos informes sectoriais solicitados e emitidos, infórmase favorablemente a aprobación inicial do "Documento para a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carral" así como que se adopte o acordo de suspensión de licenzas nos ámbitos determinados no informe dos redactores do plan".*

*Logo de ver o informe xurídico emitido con data do 8 de marzo de 2016 pola señora técnica xurídica do Concello, Dª Sonia Campos Ares, que conclúe de xeito "(...) favorable á aprobación inicial do "documento para á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carral"para o que se debe acadar a maioría absoluta do número legal dos membros do Pleno da Corporación e o seu sometemento ao trámite de información pública de conformidade cos artigos 85.2 e 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas modificacións, que resulta ser o seguinte (...)", e que se describe no informe.*

*Logo de ver que nos devanditos informes se menciona o alcance das consultas que haberán de seguir á aprobación inicial do expediente, e se valida o réxime e alcance da suspensión de licenzas expresado no informe emitido o 29 de febreiro de 2016 polos redactores do plan nos seguintes termos:*

*"1.- OBRAS DE NOVA EDIFICACIÓN, SEGREGACIÓNS E PARCELACIÓNS.*

*1.1.- RESPECTO DO NOVO PLANEAMENTO*

*De cara a non inviabilizar o novo planeamento (PXOM) suspenderanse todo tipo de licencias nos ámbitos de execución e xestión previstos neste, é dicir, nos ámbitos cualificados como sistema xeral programado e en*

todos os ámbitos pendentes de xestión, nomeadamente o solo urbanizable delimitado e o solo urbano non consolidado: P-CL-03, P-CL-04, P-CL-05, P-CL-06, P-CL-07, P-CL-08, P-CL-09, P-CL-10, P-CL-11, P-CL-12, S-01, S-03, S-04, a excepción das obras necesarias para o correcto funcionamento do instituto, S-06, S-07, ZVX-02, ZVX-03, ZVX-04, ZVX-06, ZVX-07, SCX-06, DPX-06 e SCX-05.

Mención aparte merece o P-CL-01 e P-CL-02, coincidentes coa unidade de actuación UA-5 da NN.SS. que nestes momentos se atopa en fase se desenvolvemento. Neste ámbito non se suspenderán licenzas e a concesión destas rexerase pola configuración definitiva do desenvolvemento desta unidade de actuación unha vez se atope aprobada definitivamente.

1.2.- RESPECTO DO PLANEAMENTO VIXENTE

A suspensión de licencias deberá tomar como referencia as clasificación e cualificación das Normas Subsidiarias Municipais vixentes. Estas contemplan as seguintes clasificacións de solo:

Solo Urbano, SU

Solo Urbano de Recente Creación: SRC

Solo Apto para Urbanizar Residencial: SAUR

Solo Apto para Urbanizar Industrial: SAUI

Solo non urbanizable de núcleo rural de poboación: SNUN e SNUA

Solo non urbanizable común, de zona forestais, de portección de ríos regatos e zonas húmidas: SNUC, SF e PF respectivamente.

1.2.1.- SOLO URBANO (SU)

A delimitación do Solo Urbano das vixentes Normas Subsidiarias Municipais de Carral e Tabieaio mantense case na súa totalidade, reducíndose nos bordes de Carral e Tabeaio en solos que pasan a clasificarse como de núcleo rural no novo PXOM, ou nalgún dos casos ampliándose (para recoller un núcleo rural ó norte de carral ou para recoller solo urbano non consolidado ó norte de Tabeaio). Nos ámbitos nos que se reduce ou se amplía a delimitación do solo urbano deberán suspenderse licencias por variacións na clasificacións entre as NN.SS. e o novo PXOM. Nas zonas nas que non se produce ningún cambio de clasificación a suspensión de licencias tan so deberá abarcar a posible modificacións de aspectos normativos pero non de cambio de réxime. No solo urbano fíxanse as seguintes ordenanzas:

Ordenanza 1: Solo urbano residencial de edificación entre medianeiras.

Ordenanza 2: Solo urbano de edificación residencial de baixa densidade.

Ordenanza 3: Solo urbano de edificación en bloque aberto.

Ordenanza 4: Solo urbano residencial de Tabeaio.

Na zona de Ordenanza 1, Ordenanza 2 e Ordenanza 3, o novo PXOM mantén as mesmas determinacións tipolóxicas e de ordenación previstas polas NN.SS. En base ó anterior estas zonas non se atoparían afectadas pola suspensión de licencias. Se existisen contradiccións en aspectos puntuais entre a ordenanza vixente e a proposta polo novo PXOM esta resolveríase considerando de aplicación a norma máis restrictiva.

A zona de Ordenanza 4 tan so é de aplicación en certas zonas so solo urbano de Tabeaio. Nesta zona a ordenanza vixente permite a construcción de dúas tipoloxías diferentes: a vivenda unifamiliar e vivenda colectiva. Tendo en conta que no PXOM este ámbito se divide en dúas zonas con tipoloxías específicas non se suspenderán licenzas se para cada unha das zonas a tipoloxía da edificación que se pretende levar a cabo segundo as NN.SS. coincide coa prevista no PXOM. Ademais será obrigatorio a cumprimento das condicións máis restritivas de cada unha das ordenanzas.

1.2.2.- SOLO URBANO DE RECENTE CREACIÓN (SRC)

Este solo coincide coa urbanización do Monte Xalo ou Castelo. Neste ámbito suspenderanse licenzas por cambio de réxime posto que no novo PXOM o ámbito se clasifica como solo urbanizable.

1.2.3.- SOLO APTO PARA URBANIZAR RESIDENCIAL (SAUR)



CONCELLO DE CARRAL
SECRETARÍA
A CORUÑA

*Este solo coincide coa segunda fase do polígonos dos Capelos. Neste ámbito suspenderanse licenzas por cambio de réxime e de uso.*

*1.2.4.- SOLO APTO PARA URBANIZAR INDUSTRIAL (SAUI)*

*Este solo abarca dúas zonas, a primeira fase do polígono dos Capelos, ó leste da estrada N-550 e unha terceira fase ubicada ó oeste da N-550. A fase da marxe leste da estrada N-550 está totalmente executada e para a súa regulación o novo PXOM se remite á ordenación vixente. Tendo en conta esta cuestión neste ámbito en concreto non se suspenderá licenzas.*

*O ámbito da marxe oeste da estrada N-550 está sen desenvolver, motivo polo cal deberán suspenderse licenzas neste ámbito, por cambio de réxime.*

*1.2.5.- SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE POBOACIÓN (SNUN e SNUA)*

*A delimitación do solo non urbanizable dos núcleos rurais das vixentes Normas Subsidiarias Municipais mantense na maior parte das ocasións, redúcese nalgunhas e en moitos casos amplíase. Segundo o disposto na disposición transitoria primeira da LOUPMRG "Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento". Tendo en conta que se mantén o réxime do solo vixente, pois xa a día de hoxe resulta de aplicación esta disposición transitoria, a suspensión de licencias neste ámbito so derivará de cuestións normativas e non de cambio de réxime salvo naquelas zonas nas que se produce unha reducción do núcleo rural nas que deberán suspenderse as licencias.*

*Polo que respecta á ordenación compre subliñar que no planeamento vixente se contemplan dúas ordenanzas de aplicación nestes ámbitos. A ordenación prevista en cuestión de usos e tipoloxía coincide coas prescricións legais vixentes, sendo polo tanto de aplicación as máis limitativas impostas pola LOUPMRG tanto nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como no PXOM aprobado inicialmente. Tendo en conta o anterior a modificación da ordenación urbanística vixente refírese fundamentalmente ós parámetros volumétricos e de posición. Posto que nos dous planeamentos (NN.SS. Municipais e PXOM) se refiren a parámetros máximos ou mínimos pero non absolutos enténdese que resulta factible dar cumprimento ós dous planeamentos simultaneamente simplemente contemplando os aspectos máis restrictivos de cada un deles.*

*Como conclusión pódese establecer como límite da suspensión de licencias nos ámbitos de solo non urbanizable de núcleo rural das NN.SS. vixentes o cumprimento simultáneo dos dous planeamentos (NN.SS. e PXOM) nos seus aspectos máis restrictivos sempre e cando se manteña a clasificación de solo.*

*1.2.6.- SOLO NON URBANIZABLE COMÚN, DE ZONA FORESTAIS, DE PORTECCIÓN DE RÍOS REGATOS E ZONAS HÚMIDAS (SNUC, SF e PF)*

*No solo non urbanizable no concello de Carral, resulta de aplicación integra o disposto na LOUPMRG en base á disposición transitoria primeira desta, salvo maiores limitacións das NN.SS. Tendo en conta que o novo PXOM non impón condicións máis limitativas que as da propia LOUPMRG, non se suspenderán licencias no solo non urbanizable sempre que se cumpra o preceptuado nela e as maiores limitacións impostas polas NN.SS.*

*Non obstante suspenderanse licencias naqueles ámbitos clasificados nas NN.SS. como solo non urbanizable común ou protexido e que cambien a súa clasificación a solo urbano, urbanizable ou solo de núcleo rural nas súas dúas variedades de núcleo histórico-tradicional ou común.*

*1.2.7.- SOLO AFECTO A DOTACIÓNS DE USO PÚBLICO*

*Nas zonas cualificadas como equipamento nas NN.SS. municipais, nas súas variedades de Educativo (EE), Socio-cultural (ES), Deportivo (ED), Relixioso (ER), Outro Equipamentos (EO), Servizos Urbanos (IS), Outras Infraestruturas (EO), Equipamento Sanitario (EA), así como no sistema de espazos libres e zonas verdes de Áreas Libres (VA), Parque (VP), e Xardíns (VX), non se suspenderán licenzas sempre que se poida dar cumprimento ás condicións máis restrictivas impostas ou polo PXOM e polas NN.SS. municipais.*

*2.- OBRAS NAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES E OBRAS DE DEMOLICIÓN.*

*2.1.- OBRAS NAS EDIFICACIÓNS*

*As obras nas edificacións ubicadas en zonas nas que non se suspenden as licencias rexeranse polo disposto para as obras permitidas polas ordenanzas de aplicación, segundo as especificacións dos apartados anteriores en función da clase de solo.*

*Nas edificacións existentes nos ámbitos reseñados no punto 1.1. do presente informe tan so se poderán levar a cabo obras de conservación e seguridade que ademais non supoñan un aumento do valor da edificación.*

*No resto das edificacións non contempladas nos apartados anteriores poderanse acometer todo tipo de obras que non supoñan un aumento do volume legalmente executado na parcela e que non vulneren as condicións da licencia outorgada no seu día.*

*2.2.- DEMOLICIÓNS*

*Permítense todo tipo de demolicións en calquera clase de solo salvo aquelas prohibidas pola lexislación urbanística vixente así como daqueles elementos que figuran no catálogo das NN.SS. e do PXOM."*

*Logo de ver o informe da señora Interventora do Concello, Dª Noemí González Mato, emitido con data do 8 de marzo de 2016, sobre o estudo económico e o informe de sustentabilidade económica incluídos na documentación do PXOM*

*Logo de ver que, a xuízo desta Alcaldía, é favorable aos intereses do Concello de Carral a aprobación inicial do PXOM antes da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (que se producirá o 19 de marzo de 2016, segundo o establecido na súa disposición derradeira 6ª), para que lle sexa de aplicación o establecido no punto 2 da súa disposición transitoria segunda, de acordo coa cal "Disposición transitoria segunda. Adaptación do planeamento*

*1.- Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desta lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
*2.- Os que, nesa mesma data, xa fosen aprobados inicialmente poderán adaptarse integramente a esta lei ou* ***continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente a esta lei.*** *A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas nesta lei non implicará, por si só, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretenda introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación.*

*3.- Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial na data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela.".].*

*Logo de ver os devanditos antecedentes e en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previos os preceptivos informe da Secretaría do Concello e ditame da comisión informativa correspondente,* **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** *,coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.c) LRBRL ) que adopte , de acordo co establecido no texto vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, os seguintes*

**ACORDOS**

***1).-*** *Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Carral (A Coruña) nos termos que constan no expediente, e segundo o documento o documento "Plan Xeral de Ordenación Municipal. Documento de aprobación inicial", na súa versión datada en febreiro de 2016, elaborado por Estudio Técnico Gallego, S.A., e co contido indicado no escrito presentado o 29 de febreiro de 2016 ( con nº*

*de rexistro de entrada 458) e, coas correcións realizadas en marzo de 2016 e indicadas no escrito presentado o 7 de marzo de 2016 (nº de rexistro de entrada 525).*

***2).-** Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia.*

*Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, á disposición de calquera persoa que queira examinalo para poder presentar as alegacións que se consideren pertinentes.*

***3).-**Este acordo de aprobación inicial determinará, por si so, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito do territorio obxecto de tal planeamento, cuxas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente, segundo o establecido no artigo 77 da LOUGA e cos efectos indicados nel, e nos termos indicados no informe emitido ao efecto o 29 de febreiro de 2016 polo equipo redactor do plan e validado polos informes técnico e xurídico municipais. A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do plan. Esta suspensión publicarase conxuntamente coa da aprobación inicial nos termos indicados na LOUGA.*

***4).-** Dar audiencia aos concellos limítrofes (Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda), simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter a modificación ás consultas previstas no documento de referencia e ás consultas das administracións públicas afectadas, nos termos indicados nos informes técnico e xurídico municipais a que se someteu o expediente.*

***5).-** Recabar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios (segundo o indicado nos informes técnico e xurídico municipais a que se someteu o expediente) , que haberán de ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo. ".*

Ademais dos informes que se indican na proposta, no expediente consta o informe preceptivo emitido pola Secretaría do Concello, nº 1/2016, do 11 de marzo de 2016.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emitiu, na súa sesión extraordinaria do 15 de marzo de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a catro votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.

**DEBATE**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta a súa sorpresa polo feito de que o señor Alcalde nin sequera faga unha presentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) á veciñanza. Lembra que é o primeiro plan urbanístico en Carral, que durará uns vinte anos e planificará o futuro, que queremos facer e a que chegar. Adianta que o seu grupo votará en contra da proposta por varias razóns, e que o explicará sen entrar en detalles de xeito pormenorizado, senón na idea xeral. Indica que xa manifestou na comisión informativa a súa opinión de que non debía ser un punto máis na sesión, senón que se debría someter a un debate máis importante. Explica que a Presidenta da comisión baseou a proposta en "*non tirar abaixo*" o traballo do equipo de goberno e de "*Fiz, Peter, Mauro ou María*". Engade que falaron con elles e preguntáronlles á súa opinión en relación ao uso da palabra "consenso". Así, indica que Fiz Gómez lles dixo que lle aceptaron dúas emendas, e que a inmensa mairía das propostas foi rexeitada; Peter, que é un "*vacile*" e que "*non mintan*", que esas palabras deixan moito que desexar e son inexactas, e deberían estar refrendadas por actas; Mauro, que "*de consenso nada*" e que á súas propostas "*non lles facían nin caso*". Explica que o Dicionario da Real Academia

Española define o consenso coma o acordo ou concordancia en torno a unha cuestión pro consentemento de todos os membros dun ou varios grupos. Expresa que todo iso lle fai pensar que mentiron, pois lle parece ilóxico que se fixesen sete reunións dunhas tres horas, nas que miraban planos mais non podían estudar o expediente nin levalo á casa para preguntar a outros técnicos. Recoñece que pode haber discrepancias sobre o tratamento dun tema reservado, mais que el levou o PXOM nun "*pincho*", co fácil que é copiar e pegar.

Lembra o señor Bergondo Trillo que o informe da Intervención considera, en canto ás súas previsións económicas no PXOM, que o equipo redactor é "*excesivamente optimista*", cando aínda hai en Carral centos de vivendas pendentes de vender e de rematar, ao falar dun incremento en 20 anos de 3.379 vivendas, co que se chegaría a unha poboación duns 8.800 habitantes, o que non se corresponde co medre dos últimos anos. Para que iso se cumpra, manifesta que "*xa podemos empezar a facer cousas entre nós*", e que el "*se apunta*". Engade que o informe de Intervención destaca que as previsións do equipo redactor se basean en estatísticas, e el coida que "*todos sabemos como se fan*". Por outra banda, engade que o informe da Intervención indica que as conclusións do equipo redactor sobre as posibilidades de financiamento con fondos propios son moi alonxadas da realidade, e utópicas, e que habería que buscar financiamento noutras Administracións Públicas, para depender unha vez máis delas. Por todos eses motivos, reitera que votará rexeitando a proposta e coida que hai que facer notar, para que a xente o saiba, que, se se aproba, "*péchanse moitas licenzas de obra*". Asemade, engade que o PXOM non lle gusta, porque deseña rúas estreitas, o Campo da Feira coma o único espazo verde, e non se prevé un incremento de colexios, mais si de vivendas, que suporán máis xente con necesidades de colexios, centro de saúde ou esparexemento. Por último, indica que o seu grupo quere un Carral verde.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta a súa opinión de que esta sesión plenaria debería de tratar só este asunto, e debería realizarse ás 20 horas, para que puidesen asistir máis veciños, xa que esta cuestión vai rexer o seu futuro. Considera estraño o tratamento que se lle dá, na súa opinión, con "*nocturnidade e alevosía*", e non sabe a que intereses obedece. Opina que, até agora, xogaron cun taboleiro de Monopoly que quedou desfasado, e que agora se compra outro para o mesmo xogo. Opina que se trata dun PXOM pouco rigoroso, e que a Xunta de Galicia practicamente "*o tumbou*", por considerar 4.000 vivendas excesivas. Opina que se traballou cun documento sen consenso, cunhas cinco ou seis reunións dunhas poucas horas indicadas no informe xurídico, e que ese documento se cambiou de présa e correndo nun fin de semana. Explica que viu o documento co equipo redacctor, e que detectaron "*irregularidades*" que foron corrixidas nun fin de semana. Reitera que se trata dun documento que, na súa opinión, non é serio nin rigoroso, e que ten informes desfavorables do Ministerio de Fomento (Aviación Civil e Estradas). Indica que o informe técnico di que o PXOM cumpre con diversos preceptos da LOUGA, coma os artigos 44 e 47, mais opina que non é o caso en relación á cohesión social. Manifesta que non se contempla abastecemento nin saneamento de auga en Barcia, Quembre ou Beira, nin unha depuradora para esa zona. Coida que a disposición de zonas verdes tampouco se axeita á lei, pois se prevén máis de 100.000 m2 na Brexa e unha futura zona no Barcés, en vez de emprazalas na vila, por considerar que hai monte arredor, mais iso non é unha zona verde. Engade que xa se referiu nunha moción ao difícil acceso á Brexa, por estar no extrarradio, e que o Castro de Tabeaio tampouco se pode considerar unha zona verde. Sinala a súa opinión de que tamén incumpre o artigo 48 en canto ao trazado dun viario moderno, pois só se trasladan as rúas das normas subsidiarias a un "*plano máis bonito en cores*", e arredor delas medra a vila en unidades de actuación (UA), aínda que isto se limitou no segundo documento. Critica tamén que non se recolle o ENIL (espazo natural de interese local) dende As Travesas até a Costa da Égoa, e que tampouco se protexe a fonte medicinal de Cañás nin a ferruxinosa de Barcia. Engade que non se recollen moitos camiños que, na súa opinión, acabarán

perdendo a súa condición de camiños públicos, coma por exemplo " *o camiño do conflito en Tabeaio*". Menciona tamén que non aparecen equipamentos coma por exemplo unha residencia de día ou para a terceira idade, que o PXOM, na súa opinión, debería dicir onde se queren, e non esperar a subvencións, e engade que, se as contas estivesen saneadas, se poderían realizar con fondos propios. Critica tamén o escaso equipamento cultural e deportivo e o feito de chamar "*cidade deportiva*" a unha pista de pádel executada sobre outra pista polideportiva, e que ningunha delas se pode usar. Por outra banda, indica que non hai reservas de solo nas parroquias nin previsións de plans especiais. No tocante ao informe da Intervención, coida que o problema é que "*o papel aguanta todo*", e explica que se prevé unha ampliación do campo da feira cuns 40.000 € nun 1º quinquenio, e outros 40.000 nun segundo, do mesmo xeito que as áreas recreativas do Barcés e do Castro de Tabeaio en 10 anos, ou o Centro de Interpretación dos Miños do Batán en 15 anos. Reitera que, segundo o informe da Intervención, o Concello non depende de si polo seu plan de axuste. Reitera o dito en canto á falla de previsións de saneamento e abastecemento de auga, e coida que cómpre ampliar os depósito de Quembre e San Vicente de Vigo, mais non hai unha previsión dos custes. Pensa que, malia que se di que as redes de abstecemento de auga son suficientes, a rede é antiga e está ao límite da súa vida útil duns 60 anos e rompendo. Asemade, opina que as previsións de consumos de auga son lineais, sen coeficientes de punta e, por tanto, irreais.

En canto ao viario, o señor Couto López opna que non se fixo nada e que, a pesares de que a lei fala de anchos mínimos de 16 metros, proxéctanse vias de 8 metros, o que é malo para a convivencia dos veciños e para o futuro, xa que os edificios terán unha menor habitabilidade e valor. Opina que se quitou unha rúa que "*afectaba a propiedades do Alcalde*", e meteuse unha nova na zona de Outeiro, que remata en fondo de saco no IES, en vez dunha alternativa á Avenida dos Mártires. Indica que o informe técnico di que se cumpre cos requirimentos da Xunta de Galicia, mais coida que algúns dos problemas se manteñen, coma no caso da "*finca do cocho Quinín*", que segundo a Xunta estaría fóra da trama, mais prevese nela baixo+catro alturas. Engade que, no caso de Varinca, pola anulación da licenza por orde xudicial, se espera unha execución de sentenza "*moi forte*". Asemade, indica que na zona da Avenida dos Mártires se varían as alturas, e que noutras zonas obrigou a Xunta a facer chalés no lugar de pisos. Por outra banda, indica que non sabe que pasa coa UA5 que está en exposición pública, na que non coinciden as alturas, e a súa relación co PXOM. Espera que, se se aproba esta proposta hoxe, non se suspenda o outorgamento de licenzas, e opina que non poderá seguir a tramitación desa unidade de actuación. Coida que tampouco coinciden as licenzas de detrás da Igrexa, e indica que na zona dos Chas e de Coiro se pasa de 200 m2 e frente de 10 metros a 600 m2, e a superficie mínima para segregacións de 800 m2 o que fará un fraco favor aso veciños, pois é zona urbana. Engade que, na súa opinión, as áreas de reparto están mal feitas e que os límites cos outros concellos seguen sen cadrar. No tocante ás parroquias, coida que medran Tabeaio e San Vicente de Vigo, e mantense Barcia, o que lle chama a atención. Indica que, trala súa visita ao equipo redactor, tamén se acortaron algunhas bolsas, e que pasa igual en San Vicente, pois hai zonas de granxa que a Lei do Solo de Galicia ampara, mais póñense como núcleo rural. Supón que todo é unha táctica para tentar vender coma favores os resultados das alegacións. Ademais, reitera que nos núcleos non hai reservas de solo para equipamentos. Adianta que o voto do seu grupo vai ser totalmente en contra, pois non consideran seria a proposta. Reitera que lle parece un cambio de taboleiro de Monopoly, e pide que voten en contra mais, se non o fan, solicita que a exposición ao público se faga coa maior publicidade posible, con tres ou catro copias, con dous ordenadores, e colgando o PXOM na páxina web municipal.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) explica que este PXOM se iniciou en 2011 tras levar traballando coas normas subsidiarias dende 1994, hai 22 anos. Coida que, se os concelleiros doutros mandatos din que non se consensuou este documento, foi porque non

chegaron a este pleno. Manifesta que houbo sete reunións, e que nelas sempre se tentou que achegasen ideas ao plan, o acl se modificou tanto como eles consideraron, pois en tales reunións estaba o arquitecto, aparellador e algún membro do equipo redactor. Lembra que, por exemplo, se cambiou a vexetación na ribeira do Barcés, para manter as especies, e clarexáronse as dúbidas parroquia por parroquia. Explica que, en cada reunión seguinte, se clarificaba o modificado e se seguía. E manifesta que iso é innegable pois, poden dicir que non se fixo así, mais había máis xente para testemuñalo. Indica que a proposta é para a aprobación inicial, que haberá un prazo de dous meses de exposición pública, e que se remitirá a polo menos vinte e dúas administracións distintas, coma por exemplo aos Concellos limítrofes, á Deputación ou á Consellaría de Medio Ambiente da Xunta. Engade que se farán informes e todas as modificacións que se consideren oportunas, e que todo é mellorable, mais que non hai necesidade de deixar parado un traballo que se vén realizando dende 2011, porque non se está a aprobar definitivamente, e iso nin sequera lle compete ao Concello. Manifesta que se vai facer todo o posible para facer chegar a exposición pública aos veciños e para facilitarlles a presentación de alegacións. Explica que durante vinte e dous anos a xente tivo vivendas fóra de orddenación que construíran nos núcleos, e que a consolidación deses núcleos supón agora metelas dentro da legalidade. Considera que o señor Couto se centra en Beira e en Quembre, mais indica que a ela iso lle dá igual, pois non todos os núcleos poden medrar todo o que quixera a xente. Coida que se sabe que o equipo de goberno non quedará ben con moitos veciños, mais non queren ser "*caciques*", como dirían eles. Engade que San Vicente e Tabeaio medran ao longo pola estrada, e que é superimportante o medre do solo industrial, que está esgotado, para poder executar máis naves. Sinala que as vivendas que están baleiras tamén están recollidas. No tocante aos servizos, indica que o señor Couto di que o PXOM se fai sen servizos, como se xa non os tivesemos. Explica que a depuradora de augas está a un 30% da súa capacidade, e salienta que sen a subestación, a pesar das manifestacións, non sería posible a subministración eléctrica necesaria para facer este plan. Engade que teñen o plan director polo que sempre pregunta o señor Couto entregado en Augas de Galicia, e explica que contempla o saneamento de todo Carral. (O señor Couto replica que no plan non vén recollido, e o señor Alcalde pídelle mesura). Manifesta que a depuradora de San Vicente ten capacidade para 8.000 perosa, e terreos anexos previstos para 16.000. Coida que se pode facer campaña política, e que o Concello ten débedas, mais tamén servizos feitos sen apoio da oposición, que sempre está en contra. Opina que non se trata de dicir, coma o señor Bergondo, que "*este plan non me gusta*" , pois sempre é mellorable, e para iso están as alegacións. Lembra que é fácil preguntar cando vén o IES, mais que non se pode esquecer que estamos con normas subsidiarias dende 1994 e que, en cada caso, coma o do IES, houbo que facer modificacións puntuais daquelas. Opina que, en caso de que haxa que modificar sustancialmente o PXOM, sempre será moito mellor que agora, que non temos nada. Manifesta a súa opinión sobre que, mentres o señor Couto adicou o tempo a buscar o pior dos informe, ela busca a parte importante para poder traballar. Explica que, de 12 páxinas do informe de Intervención, a prensa colocou o que lles interesa vender de Carral, e engade que a ela lle preocuparía máis o que diga o informe do arquitecto ou do arquitecto técnico. Manifesta, con todos os respectos, que o informe da Intervención indica que se fai unha valoración a longo prazo, e que non se sabe o que vai pasar en cinco anos, o que é lóxico. Considera que xa se deu suficiente información sobre o plan, e que se está a tramitar de igual maneira ca en Betanzos, Bergondo ou Arteixo, concellos de diferentes cores políticas. Por último, manifesta que o equipo de goberno só mira polos intereses dos veciños, e dille ao señor Couto que ría, que ao mellor non lles fai graza aos veciños.

O señor Bergondo Trillo manifesta que non lles gusta por como comezou a intervención. Indica que, en relación ao río Barcés, dixo que lle aceptaron algunha suxestión aalgún concelleiro, pois ían deixar prantar eucaliptos ao lado do río, o que é ilegal, por deixar aos veciños gañar cartos. Recoñece que non foi a esa reunión, mais é o que lle dixeron sobre esa zona protexida. En



CARRAL SECRETARÍA CORUÑA

relación á zona industrial, di que lle parece unha "*cousa rara e un pelotazo*" pasar de solo rústico a industrial, cunha grande diferenza en cartos para o propietario dese monte, que é só un. En relación ao informe da Interventora, indica que lle parece como se a señora Duarte desprezase o seu traballo, que el considera tan importante coma os informes dos técnicos, dende o punto de vista do financiamento e da sustentabilidade.

O señor Couto López engade que todo é mellorable, mais que en cinco anos se podería ter feito o mellor traballo posible, e non ás présas e correndo. Non concorda coa postura de que xa virán corrixir outros o PXOM, pois é unha competencia municipal que decidan os veciños, a través dos seus representantes, como vai ser a vila, e non a Xunta de Galicia. No tocante aos núcleos rurais, explica que, por exemplo en Quembre, estaba incluído no núcleo un depósito de vehículos, mentres ao norte quedaban algunhas casas fóra de ordenación. Pregúntase que criterio é eses que permite un medre, na súa opinión, sen sentido, e sen regularizar as casas dos veciños, pois manifesta que de 140 núcleos, 130 se regularizan e 10 non (así, sinala que, por exemplo, As Lamelas, Bailía ou parte de Reboredo quedan fóra de ordenación). Opina que son decisións arbitrarias, e que debería chegarse a unha convivencia e non a isto. Tamén critica a ordenación do núcleo rural arredor do Pazo. En canto aos servizos que non aparecen, explica que o plan director que ven pedindo dende outubro é o de EMALCSA. Indica que o director técnico de EMALCSA lle indicou que xa o remitira ao Concello, e que hai unha semana volveu remitilo por rexistro, mais aínda non llo amosaron, coma outros documentos que pediu. En canto ao solo industrial, indica que xa estaba recollido nas normas subsidiarias, na versión despois do recorte do grupo socialista e da Xunta de Galicia. Coida que o solo industrial por enriba do Ferreiro de Couto era esaxerado, e que o lado esquerdo da nacional, xa recollido nas normas subsidiarias, se segue mantendo. Reitera que non está recollido o saneamento e o abstecemento de auga, e que todas as depuradoras están obsoletas, o que non se recolle no plan. Engade que espera que o equipo de goberno lese o plan, polas consecuencias que vai ter para os que voten a favor da súa aprobación. Asemade, opina que ao non ter reservas de solo para equipamentos se vai dar a mesma situación que co IES; se non se prevé onde emprazar depósitos, ou pistas polideportivas, cando chega a correspondente subvención virá o problema. Considera que non se fai unha planificación seria, e que o plan debería ser o futuro de Carral, con rúas e servizos ben feitos, mais non só para a zona de cara á Coruña, senón tamén cara á montaña "*que parece que desprezan*". Opina que a Corporación debía votar non á proposta e comezar o expediente de cero pois, dada a crise, non hai agora unha necesidade acuciante de ter un plan, pois se non se dá agora un desenvolvemento urbanístico non acontece nada, xa que hai unhas seiscentas vivendas baleiras e "*ninguén mete un peso*". Así, reitera a súa petición para que voten que non á proposta, e fagan entre todos un mellor plan xeral. Por outra banda, lembra que non se contestou á súa prgeunta sobre se se vai expoñer na páxina web, e non só en horario de oficina.

A señora Duarte Gerpe replica que ela é de "*alí arriba*" onde os veciños levan pedindo sumidoiros dende hai anos, e di que o plan director recolle os deQuembre e Barcia. Reitera que a depuradora de san Vicente ten capacidade para 8.000 persoas e coida que non pode menospreciar o que temos en Carral, cando temos o mellor colector. Pregunta de que miras de futuro falan, cando tiveron que facer milagres para o IES, e tamén tiña que ter miras de futuro o goberno anterior. Engade que levan trece anos, e que podían criticar non ter aprobado o PXOM antes. Explica que, onde está a Galiña Azul, estaba prevista unha estrada, e que non se contemplaban nin a ampliación do colexio nin o IES. Mnifesta que o equipo de goberno leva traballando moito sen apoio, igual que no caso da subestación que garante a subministración eléctrica. Engade que no equipo de goberno estiveron sos, con veciños e prens en fronte, e cando necesitaban apoio non o tiveron. Coida que "*van traballar en quentar a cabeza dos veciños por detrás*", e indica que xa viñeron algúns veciños preguntar con copias dos planos (O señor Couto López manifesta que iso non saiu do grupo socialista). Considera que a oposición

pode apoiar ou non, e pode gustarlles ou non, mais non mover aos veciños con como lles quedan as súas propiedades. Explica que o PXOM non é á carta nin para favorecer a uns e non a outros. Pregúntase se pensan que está sentada nesa cadeira e non sabe como votar, cando leva trece anos. Indica ao señor Couto que ella non é enxeñeira, mais pídelle que non a menosprecie, e manifesta que sabe que a necesidade que hai sobre a mesa é empezar a traballar polo ben dos veciños.

O señor Couto López reitera que do grupo socialista non saiu ningún plano, e que non sabe quen o fixo. Indica que o seu grupo sempre presenta mocións para crear cousas e colaborar polo ben dos veciños. Considera que a señora Duarte critica as normas subsidiarias, mais seguen igual. Indica que el tamén cre que son malas, e por iso hai que cambialas e facelo doutra maneira, de xeito que os núcleos rurais vaian crecendo, e non facendo un pequeño Oleiros en Tabeaio, mentres Barcia crece pouco a pouco ou se penaliza ao resto. Engade que de 2000 vivendas previstas só 500 son para o rural, e reitera a súa opinión de que "*compran outro taboleiro do Monopoly, mais nunha versión dos chineses barateira*".

O señor Bergondo Trillo puntualiza que cre que el sempre está nunha posición construtiva e de axuda polo ben dos veciños, e que non é a súa intención menosprezar en nada.

O señor Alcalde lembra que hai escasamente un ano foron as eleccións, e que en todos os programas se falaba da elaboración do PXOM. Explica que se trata só da aprobación inicial e que, dende a entrada en vigor da nova lei mañá, haberá que adaptar a ella o que se aprobe. En canto á premura, indica que se fixo igual en Betanzos (aínda que "*non saiu*") e en Sada, para adiantar nunha tramitación que é moi engorrosa. Así, por exemplo, Culleredo traballa con normas de hai vinte e cinco anos. Bríndase para facilitar a exposición pública, e garante que se vai colgar na páxina web do Concello, e que se exporá o plan, e que os veciños terán información dos técnicos e do equipo redactor. Espera que cando se fagan reunións ao efecto poida participar toda a Corporación para achegar ideas. Coida que é difícil que o equipo redactor e os técnicos non teñan erros en 45 Km2, e por iso se dá a oportunidade aos veciños de efectuar alegacións para que poidan velo. Engade que saben que este é o primeiro paso, para ilo adaptando ás alegacións e á nova lei, e espera que haxa moitas alegacións para que os veciños estean involucrados. Asemade, explica que despois haberá informes sectoriais, por exemplo en relación a Alvedro, e que Fomento é esixente en relación á N550. Opina que non se pode facer un Allariz de Carral porque non ten un casco bonito, mais que hai que facer o que se poida co que hai. Explica que as fontes están protexidas por Augas de galicia coa súa zona de dominio, e que en 2017 será realidade o colector xeral en Beira, Sumio e Quembre, que estará feito o centro de día e o centro de interpretación dos muíños da Costa da Égoa. Engade que antes de 2019 tamén haberá en todas as igrexas zonas de aparcadoiro para eventos e que se compromete a iso e garánteo. Coida que sería unha irresponsabilidade da Corporación se non se aproveitase este traballo e houbese que comezar de novo. Aínda así, explica que a tramitación non será curta, pois haberá un prazo de alegacións de dous meses que se tentará que non coincida co verán para que a xente "*non se despiste*". Indica que tentarán ver todo co equipo redactor coa mellor vontade para estudar parroquia por parroquia. Asemade, manifesta que o informe da Xunta de Galicia non é "*demoledor*", e que só pedía que se explicasen as cuestións que nel se indican para cumprir a lei. Coida que se emendou todo o que a Xunta pediu. Reitera que se brinda e pide á oposición que se ofreza para facer chegar a todos os veciños que todos se poidan informar para facelo o mellor posible. Reitera que non se lle pasa pola cabeza tirar o traballo feito e que opina que deben facelo todos xuntos e non botarse a culpa os uns aos outros.

**VOTACIÓN E ACORDO**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP (o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2.ll) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), fronte a cinco votos en contra (catro, dos/as concelleiros/as presentes na sesión do grupo municipal do PSdeG-PSOE -dos/as cinco que o compoñen- e o único membro do grupo mixto), adoptando os seguintes acordos:

**1).-** Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Carral (A Coruña) nos termos que constan no expediente, e segundo o documento "*Plan Xeral de Ordenación Municipal. Documento de aprobación inicial*", na súa versión datada en febreiro de 2016, elaborado por Estudio Técnico Gallego, S.A., e co contido indicado no escrito presentado o 29 de febreiro de 2016 ( con nº de rexistro de entrada 458) e, coas correcións realizadas en marzo de 2016 e indicadas no escrito presentado o 7 de marzo de 2016 (nº de rexistro de entrada 525).

**2).-** Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia.

Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, á disposición de calquera persoa que queira examinalo para poder presentar as alegacións que se consideren pertinentes.

**3).-**Este acordo de aprobación inicial determinará, por si so, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito do territorio obxecto de tal planeamento, cuxas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente, segundo o establecido no artigo 77 da LOUGA e cos efectos indicados nel, e nos termos indicados no informe emitido ao efecto o 29 de febreiro de 2016 polo equipo redactor do plan e validado polos informes técnico e xurídico municipais. A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do plan. Esta suspensión publicarase conxuntamente coa da aprobación inicial nos termos indicados na LOUGA.

**4).-** Dar audiencia aos concellos limítrofes (Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda), simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter a modificación ás consultas previstas no documento de referencia e ás consultas das administracións públicas afectadas, nos termos indicados nos informes técnico e xurídico municipais a que se someteu o expediente.

**5).-** Recabar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios (segundo o indicado nos informes técnico e xurídico municipais a que se someteu o expediente) , que haberán de ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

CONCELLO DE CARRAL
SECRETARÍA

**ANEXO.- Informe do equipo redactor do PXOM, emitido o 29 de febreiro de 2016, sobre a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito do territorio obxecto de tal planeamento, cuxas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente, segundo o establecido no artigo 77 da LOUGA.**

*"1.- OBRAS DE NOVA EDIFICACIÓN, SEGREGACIÓNS E PARCELACIÓNS.*

*1.1.- RESPECTO DO NOVO PLANEAMENTO*

*De cara a non inviabilizar o novo planeamento (PXOM) suspenderanse todo tipo de licencias nos ámbitos de execución e xestión previstos neste, é dicir, nos ámbitos cualificados como sistema xeral programado e en todos os ámbitos pendentes de xestión, nomeadamente o solo urbanizable delimitado e o solo urbano non consolidado: P-CL-03, P-CL-04, P-CL-05, P-CL-06, P-CL-07, P-CL-08, P-CL-09, P-CL-10, P-CL-11, P-CL-12, S-01, S-03, S-04, a excepción das obras necesarias para o correcto funcionamento do instituto, S-06, S-07, ZVX-02, ZVX-03, ZVX-04, ZVX-06, ZVX-07, SCX-06, DPX-06 e SCX-05.*

*Mención aparte merece o P-CL-01 e P-CL-02, coincidentes coa unidade de actuación UA-5 da NN.SS. que nestes momentos se atopa en fase se desenvolvemento. Neste ámbito non se suspenderán licenzas e a concesión destas rexerase pola configuración definitiva do desenvolvemento desta unidade de actuación unha vez se atope aprobada definitivamente.*

*1.2.- RESPECTO DO PLANEAMENTO VIXENTE*

*A suspensión de licencias deberá tomar como referencia as clasificación e cualificación das Normas Subsidiarias Municipais vixentes. Estas contemplan as seguintes clasificacións de solo:*

*Solo Urbano, SU*

*Solo Urbano de Recente Creación: SRC*

*Solo Apto para Urbanizar Residencial: SAUR*

*Solo Apto para Urbanizar Industrial: SAUI*

*Solo non urbanizable de núcleo rural de poboación: SNUN e SNUA*

*Solo non urbanizable común, de zona forestais, de portección de ríos regatos e zonas húmidas: SNUC, SF e PF respectivamente.*

*1.2.1.- SOLO URBANO (SU)*

*A delimitación do Solo Urbano das vixentes Normas Subsidiarias Municipais de Carral e Tabeaio mantense case na súa totalidade, reducíndose nos bordes de Carral e Tabeaio en solos que pasan a clasificarse como de núcleo rural no novo PXOM, ou nalgún dos casos ampliándose (para recoller un núcleo rural ó norte de carral ou para recoller solo urbano non consolidado ó norte de Tabeaio). Nos ámbitos nos que se reduce ou se amplía a delimitación do solo urbano deberán suspenderse licencias por variacións na clasificacións entre as NN.SS. e o novo PXOM. Nas zonas nas que non se produce ningún cambio de clasificación a suspensión de licencias tan so deberá abarcar a posible modificacións de aspectos normativos pero non de cambio de réxime. No solo urbano fíxanse as seguintes ordenanzas:*

*Ordenanza 1: Solo urbano residencial de edificación entre medianeiras.*

*Ordenanza 2: Solo urbano de edificación residencial de baixa densidade.*

*Ordenanza 3: Solo urbano de edificación en bloque aberto.*

*Ordenanza 4: Solo urbano residencial de Tabeaio.*

*Na zona de Ordenanza 1, Ordenanza 2 e Ordenanza 3, o novo PXOM mantén as mesmas determinacións tipolóxicas e de ordenación previstas polas NN.SS. En base ó anterior estas zonas non se atoparían afectadas pola suspensión de licencias. Se existisen contradiccións en aspectos puntuais entre a ordenanza vixente e a proposta polo novo PXOM esta resolveríase considerando de aplicación a norma máis restrictiva.*

*A zona de Ordenanza 4 tan so é de aplicación en certas zonas so solo urbano de Tabeaio. Nesta zona a ordenanza vixente permite a construcción de dúas tipoloxías diferentes: a vivenda unifamiliar e vivenda*

*colectiva. Tendo en conta que no PXOM este ámbito se divide en dúas zonas con tipoloxías específicas non se suspenderán licenzas se para cada unha das zonas a tipoloxía da edificación que se pretende levar a cabo segundo as NN.SS. coincide coa prevista no PXOM. Ademais será obrigatorio a cumprimento das condicións máis restritivas de cada unha das ordenanzas.*

*1.2.2.- SOLO URBANO DE RECENTE CREACIÓN (SRC)*

*Este solo coincide coa urbanización do Monte Xalo ou Castelo. Neste ámbito suspenderanse licenzas por cambio de réxime posto que no novo PXOM o ámbito se clasifica como solo urbanizable.*

*1.2.3.- SOLO APTO PARA URBANIZAR RESIDENCIAL (SAUR)*

*Este solo coincide coa segunda fase do polígonos dos Capelos. Neste ámbito suspenderanse licenzas por cambio de réxime e de uso.*

*1.2.4.- SOLO APTO PARA URBANIZAR INDUSTRIAL (SAUI)*

*Este solo abarca dúas zonas, a primeira fase do polígono dos Capelos, ó leste da estrada N-550 e unha terceira fase ubicada ó oeste da N-550. A fase da marxe leste da estrada N-550 está totalmente executada e para a súa regulación o novo PXOM se remite á ordenación vixente. Tendo en conta esta cuestión neste ámbito en concreto non se suspenderá licenzas.*

*O ámbito da marxe oeste da estrada N-550 está sen desenvolver, motivo polo cal deberán suspenderse licenzas neste ámbito, por cambio de réxime.*

*1.2.5.- SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE POBOACIÓN (SNUN e SNUA)*

*A delimitación do solo non urbanizable dos núcleos rurais das vixentes Normas Subsidiarias Municipais mantense na maior parte das ocasións, redúcese nalgunhas e en moitos casos amplíase. Segundo o disposto na disposición transitoria primeira da LOUPMRG "Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento". Tendo en conta que se mantén o réxime do solo vixente, pois xa a día de hoxe resulta de aplicación esta disposición transitoria, a suspensión de licencias neste ámbito so derivará de cuestións normativas e non de cambio de réxime salvo naquelas zonas nas que se produce unha reducción do núcleo rural nas que deberán suspenderse as licencias.*

*Polo que respecta á ordenación compre subliñar que no planeamento vixente se contemplan dúas ordenanzas de aplicación nestes ámbitos. A ordenación prevista en cuestión de usos e tipoloxía coincide coas prescricións legais vixentes, sendo polo tanto de aplicación as máis limitativas impostas pola LOUPMRG tanto nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como no PXOM aprobado inicialmente. Tendo en conta o anterior a modificación da ordenación urbanística vixente refírese fundamentalmente ós parámetros volumétricos e de posición. Posto que nos dous planeamentos (NN.SS. Municipais e PXOM) se refiren a parámetros máximos ou mínimos pero non absolutos enténdese que resulta factible dar cumprimento ós dous planeamentos simultaneamente simplemente contemplando os aspectos máis restrictivos de cada un deles.*

*Como conclusión pódese establecer como límite da suspensión de licencias nos ámbitos de solo non urbanizable de núcleo rural das NN.SS. vixentes o cumprimento simultáneo dos dous planeamentos (NN.SS. e PXOM) nos seus aspectos máis restrictivos sempre e cando se manteña a clasificación de solo.*

*1.2.6.- SOLO NON URBANIZABLE COMÚN, DE ZONA FORESTAIS, DE PORTECCIÓN DE RÍOS REGATOS E ZONAS HÚMIDAS (SNUC, SF e PF)*

*No solo non urbanizable no concello de Carral, resulta de aplicación integra o disposto na LOUPMRG en base á disposición transitoria primeira desta, salvo maiores limitacións das NN.SS. Tendo en conta que o novo PXOM non impón condicións máis limitativas que as da propia LOUPMRG, non se suspenderán licencias no solo non urbanizable sempre que se cumpra o preceptuado nela e as maiores limitacións impostas polas NN.SS.*

*Non obstante suspenderanse licencias naqueles ámbitos clasificados nas NN.SS. como solo non urbanizable común ou protexido e que cambien a súa clasificación a solo urbano, urbanizable ou solo de núcleo rural nas súas dúas variedades de núcleo histórico-tradicional ou común.*



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA

*1.2.7.- SOLO AFECTO A DOTACIÓNS DE USO PÚBLICO*

*Nas zonas cualificadas como equipamento nas NN.SS. municipais, nas súas variedades de Educativo (EE), Socio-cultural (ES), Deportivo (ED), Relixioso (ER), Outro Equipamentos (EO), Servizos Urbanos (IS), Outras Infraestruturas (EO), Equipamento Sanitario (EA), así como no sistema de espazos libres e zonas verdes de Áreas Libres (VA), Parque (VP), e Xardíns (VX), non se suspenderán licenzas sempre que se poida dar cumprimento ás condicións máis restrictivas impostas ou polo PXOM e polas NN.SS. municipais.*

*2.- OBRAS NAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES E OBRAS DE DEMOLICIÓN.*

*2.1.- OBRAS NAS EDIFICACIÓNS*

*As obras nas edificacións ubicadas en zonas nas que non se suspenden as licencias rexeranse polo disposto para as obras permitidas polas ordenanzas de aplicación, segundo as especificacións dos apartados anteriores en función da clase de solo.*

*Nas edificacións existentes nos ámbitos reseñados no punto 1.1. do presente informe tan so se poderán levar a cabo obras de conservación e seguridade que ademais non supoñan un aumento do valor da edificación.*

*No resto das edificacións non contempladas nos apartados anteriores poderanse acometer todo tipo de obras que non supoñan un aumento do volume legalmente executado na parcela e que non vulneren as condicións da licencia outorgada no seu día.*

*2.2.- DEMOLICIÓNS*

*Permítense todo tipo de demolicións en calquera clase de solo salvo aquelas prohibidas pola lexislación urbanística vixente así como daqueles elementos que figuran no catálogo das NN.SS. e do PXOM."*

## PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

### 7.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 25 de xaneiro de 2016 e o 15 de marzo de 2016 (dende a convocatoria da anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria),dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de tres reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das tres resolucións (nº 34, 39, e 59/2016 ) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

| Nº | DATA | ASUNTO |
|---|---|---|
| 20/2016 | 25/01/2016 | Asunto:Resolución de Inicio de Procedementos Sancionadores de Tráfico |
| 21/2016 | 27/01/20016 | Asunto:Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padróan taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadoría de calquera clase (2014) |
| 22/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións ente os días 30 de xaneiro e 14 de febrero, 5 de maio e 8 de maio, e 18 de xuño a 26 de xuño de 2016 (todos eles incluidos) |



CONCELLO DE CARRAL
SECRETARÍA
A CORUÑA

| | | |
|---|---|---|
| 24/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Xustificación de pagamento a xustificar 1/2016 |
| 25/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Xustificación de pagamento a xustificar 2/2016 |
| 27/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas-(xuño e decembro de 2015) |
| 28/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións dependencia-(xuño e decembro de 2015) |
| 29/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xaneiro de 2016) |
| 30/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (xaneiro de 2016) |
| 31/2016 | 27/01/2016 | Asunto:Aprobación da anualidade 2016 do gasto plurianual correspondiente á "adquisición a Dª. Adelaida Celsa Ramos Vázquez mediante compraventa e por adxudicación directa, dunha finca no castro das Travesas". |
| 32/2016 | 28/01/2016 | Asunto:Solicitude á Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de subvención para a obra "Cubrición de pistas de pádel en Centro Deportivo Municipal" ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creadión e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020. |
| 33/2016 | 28/01/2016 | Asunto:Aprobación e pagamento á Xunta de Galicia (Consellería de Economía e Facenda) de taxa por "anuncio do DOG relativo a Modificación puntual das normas subsidiarias do planeamiento urbanístico, UA5. |
| 34/2016 | 29/01/2016 | Asunto:Aprobación nóminas de xaneiro de 2016, previo levantamento do reparo suspensivo de intervención do Concello 1/2016. |
| 35/2016 | 01/02/2016 | Asunto:Concesión de anticipo de caixa fixo 1/2016 a favor de Ana Isabel Forján Villar para atender gastos de Emerxencia Social. |
| 36/2016 | 01/02/2016 | Asunto:Concesión de pago a xustificar 5/2016 a favor de don Alfonso Fachal Bermúdez |
| 37/2016 | 01/02/2016 | Asunto: Concesión de pago a xustificar 6/2016 a favor de dona Florinda Duarte Gerpe |
| 38/2016 | 01/02/2016 | Asunto: Concesión de pago a xustificar 7/2016 a favor de dona Yolanda Cives Paz |
| 39/2016 | 08/02/2016 | Asunto:Levantamento do reparo suspensivo 3/2016 |
| 40/2016 | 10/02/2016 | Asunto: Concesión de pago a xustificar 8/2016 a favor de don Carlos Barbeito Rey |
| 41/2016 | 10/02/2016 | Asunto:Liquidación servizxo de axuda no fogar –prestacións básicas- (xaneiro de 2016) |
| 42/2016 | 10/02/2016 | Asunto:Liquidación servizxo de axuda no fogar –prestacións dependencia- (xaneiro de 2016) |
| 43/2016 | 10/02/2016 | Asunto:xestión de biomasa por parte dos heredeiros de Mª Teresa Fernández Pardo na parcela 479 do polígono 12 situada nos Capelos. |
| 44/2016 | 16/02/2016 | Asunto:Autorización de pagamento a xustificar 9/2016 |
| 45/2016 | 17/02/2016 | Asunto:Declaración de elevación a definitivo do acordó plenario de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituidos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, e para a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública (art. 17.3 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais –TRLRFL). |
| 46/2016 | 17/02/2016 | Asunto:Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (febrero de 2016) |
| 47/2016 | 17/02/2016 | Asunto:Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (febrero de 2016) |
| 48/2016 | 17/02/2016 | Asunto:Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con minusvalidez Dª. María Ponte Barbeito |
| 49/2016 | 18/02/2016 | Asunto: Convocatoria X.G.L. 2/2016 (Mandato 2015-2019), ordinaria (19/02/2016). |
| 50/2016 | 18/02/2016 | Asunto:Agrupación cos concellos de Cerceda e Tordoia para a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no |

| | | |
|---|---|---|
| | | exercicio 2016. |
| 51/2016 | 19/02/2016 | Asunto:Agrupación cos concellos de Cerceda e Tordoia para a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galciia durante os anos 2016 e 2017. |
| 52/2016 | 19/02/2016 | Asunto:Solicitude á Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria) de subvención para a "Mellora de tráfico interno dos viais do Parque Empresarial dos Capelos mediante a creación dun aparcamento" ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015 pola ques e establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. |
| 53/2016 | 19/02/2016 | Asunto:Concesión urxente de prestación do servizo de axuna no fogar (libre concorrencia) a Dª Dolores Fachal Barros |
| 54/2016 | 19/02/2016 | Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuna no fogar (libre concorrencia) a Dª Carmen Cecilia Reboredo Villasenín |
| 55/2016 | 22/02/2016 | Asunto:Convenio cos concellos de Abegondo, Bergondo, Mesía e Oza-Cesuras para a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dunha subvención para a posta en marcha do programa mixto de emprego e formación para a mocidade "Valoración de espazos públicos e mellora dos servizos municipais". |
| 56/2016 | 22/02/2016 | Asunto:Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Juan Miguel Pazos Castelo (EXP.LP 4/2016) |
| 57/2016 | 22/02/2016 | Asunto:Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Manuela Ferreiro COdesal (EXP.LP 5/2016) |
| 58/2016 | 22/02/2016 | Asunto:Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración-canon da auga 3º trimestre 2015 |
| 59/2016 | 24/02/2016 | Asunto:Aprobación nóminas febreiro de 2016, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 3/2016 |
| 60/2016 | 24/02/2016 | Asunto:Xustificación de pagamento a xustificar 7/2016 |
| 61/2016 | 24/02/2016 | Asunto:Xustificación de pagamento a xustificar 8/2016 |
| 62/2016 | 24/02/2016 | Asunto:Recoñecemento da obriga e pagamento factura 49/30-1-2016 Rebeca Ribera Sar |
| 63/2016 | 24/02/2016 | Asunto:Xustificación de pagamento a xustificar 3/2016 |
| 64/2016 | 25/02/2016 | Asunto: Convocatoria X.G.L. 3/2016 (Mandato 2015-2019), ordinaria (26/02/2016). |
| 65/2016 | 25/02/2016 | Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria) de subvención para a contratación de traballadores/as desempregados/as para os servizos BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E MANTEMENTO DE ZONAS PÚBLCIAS e SERVIZO DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE BENS E PERSOAS, ao abeiro da Orde do 2 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016. |
| 66/2016 | 26/02/2016 | Asunto:Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. José Calviño Mosquera. |
| 67/2016 | 26/02/2016 | Asunto:Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. María Sagrario Barbeito Queijo. |
| 68/2016 | 29/02/2016 | Asunto:Resolución de Inicio de Procedementos Sancionadores de Tráfico |
| 69/2016 | 01/03/2016 | Asunto:Persoamento como interesado no procedemento ordinario 6/2016, Xulgado Concencioso-administrtivo nº 1 da Coruña, e designación letrado |
| 70/2016 | 01/03/2016 | Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Benito Costa Barbeito |
| 71/2016 | 01/03/2016 | Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 5/2016 |
| 72/2016 | 03/03/2016 | Asunto:Solicitude á Agader de subvención para a obra "Plan Marco:Mejora de camino |

| | | |
|---|---|---|
| | | municipal de acceso a explotacións agrarias en San Vicente. Ayuntamiento de Carral" ao abeiro da resolución do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan Marco:Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020. |
| 73/2016 | 04/03/2016 | Asunto:Aprobación de corrección de erros na memoria e prego de prescricións técnicas para a subministración con instalación denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral.Concello de Carral" investimento financeiramente sostible carácter social imputado ao Plan de acción social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña. |
| 74/2016 | 04/03/2016 | Asunto:Resolución expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (EXP FOR 11/2015) |
| 75/2016 | 07/03/2016 | Asunto:Liquidación do prezo público por escolas culturais e deportivas (marzo 2016) |
| 76/2016 | 10/03/2006 | Asunto:Resolución de Inicio de Procedementos Sancionadores de Tráfico |
| 77/2016 | 11/03/2016 | Asunto:Convocatoria Comisión Informativa Permanente de asuntos xerais do Pleno, Extraordinaria (15/03/2016) |
| 78/2016 | 11/03/2016 | Asunto:Concesión de ampliación de perstación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª Rosario Bermúdez Barbeito. |
| 79/2016 | 11/03/2016 | Asunto:Liquidación servizo axuda no fogar –prestacións básicas e dependencia-(febrero 2016) |
| 80/2016 | 11/03/2016 | Asunto:Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (marzo de 2016) |
| 81/2016 | 15/03/2016 | Asunto: Convocatoria Pleno 2/2016 (Mandato 2015-2019), Extraordinaria (18/03/2016). |

## 8.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto (ACC/SON) e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

### 8.1.-Moción do grupo municipal mixto (ACC/SON) para declarar Carral vila contraria ás touradas.

### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) expón que a Asociación Animalista Libera enviou unha petición para que non haxa touradas en Carral, e o seu grupo municipal entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

"***Á ALCALDIA DO CONCELLO DE CARRAL***

*O concelleiro da Asamblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN PARA DECLARAR CARRAL VILA CONTRARIA ÁS TOURADAS,** ao obxecto de ser incluida na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*Considerando os numerosos estudos científicos que amosan que os animais son seres dotados de sensibilidade non só física, senón tamén psíquica.*

*Tendo en conta que comunidades como as Illas Canarias e Cataluña xa aprobaron as modificacións lexislativas necesarias para eliminar a excepción normativa que posibilitara a realización de touradas, os representantes políticos nos Concellos tamén temos que amosar unha postura clara e decidida a prol da abolición dunha actividade, a tauromaquia, baseada na tortura e agonía dun animal como parte dun ocio cruento. Tamén ducias de municipios ao longo da xeografía española, incluidas varias vilas galegas, aprobaron iniciativas semellantes apoiando ás reivindicacións da cidadanía reclamando a fin destas actividades violentas.*

*O 86% das galegas e galegos rexieta a celebración de festexos taurinos e que nos mesmos sexan empregados cartos públicos en forma de patrocinio ou subsidio.*

*Entendendo que nun contexto de crise socioeconómica com a que está a sufrir a cidadanía resulta dunha indignidade moral absoluta seguir adicando fondos públicos á pervivencia, promoción e impulso dos festexos taurinos mentras cada vez máis familias están en risco de exclusión social.*

***E por iso que propomos,***

1. *Declarar que o Concello de Carral é contrario á celebración de festexos taurinos.*
2. *Que o Concello de Carral non participe, sexa de xeito indirecto ou indirecto na realización, impulso ou promoción de festexos taurinos.*
3. *Instar á Xunta de Galicia á eliminar o apartado segundo do Artigo 5º da Lei 1/93 de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cautividade.*
4. *Manifestar o adhesión do Concello de Carral á Rede de Municipios Galegos pola Abolición.*
5. *Notificar este acordó á Deputación e á Xunta de Galicia instando a estas institucións a traballar a prol da fin desta actividade cruenta cos animais.*

*Carral, a 16 de marzo de 2016*

*César Bergondo*

*Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral ".*

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo opina que non é urxente a moción, e coida que o Pleno non ten potestade para decidir nese asunto por todos os veciños de Carral, e habería de respectar as ideas de todos.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (catro, dos/as concelleiros/as presentes na sesión do grupo municipal do PSdeG-PSOE -dos/as cinco que o compoñen- e o único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.



CONCELLO DE CARRAL
SECRETARÍA

**8.2.-Moción do grupo municipal mixto (ACC/SON) para declarar Carral vila libre de circos con animais.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) expón que os animais tamén son veciños de carral e pode falar con eles, e opina que se debe respectar aos animais como ás persoas. O seu grupo municipal entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"**Á ALCALDIA DO CONCELLO DE CARRAL***

*O concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN PARA DECLARAR CARRAL VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS**, ao obxecto de ser incluida na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*A cuestión do respeto cara os animais levou a cidadanía a demandar novas acción en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.*

*A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medio e o caigvero. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Ainda que os espectáculos circenses non amosen conductas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar dutante toda a súa vida son antinaturais e para obrigarlles a comportarse deste xeito contrario á súa natureza sométense a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.*

*Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustación da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos "estereotipados", como balancear a cabeza ou corpo, movementos cirCulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.*

*Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.*

*Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida suponen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especias protexidas.*

*Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Cremos que os pequenos e pequeñas desde país, a Sociedade do fututo, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respeto cara os seres vivos e o entorno.*

***ACORDO***

*1. Que o Concello de Carral non autorice nen promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.*

*2.Declarar o Concello de Carral via libre de circos con animais*



CONCELLO DE CARRAL SECRETARIA A CORUÑA

*3.Que o Concello de Carral non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.*

*4.Notificar este acordó á Xunta de Galicia, aos grupos do Parlamento de Galicia e a Asociación Animalista Libera.*

*Carral, a 15 de marzo de 2016*

*César Bergondo*

*Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral".*

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) indica que a Xunta de Galicia xa está a mirar polo estado dos animais nos circos, para que estean saneados, e para comprobar que cumpren coas súas obrigas cando solicitan a instalación e presentan a súa documentación. Asemade, amosa a súa sorpresa polas opinións coma estas, de persoas que teñen cans nos pisos ou en terrazas tomando o sol, cando ese non é o seu medio.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (catro, dos/as concelleiros/as presentes na sesión do grupo municipal do PSdeG-PSOE -dos/as cinco que o compoñen- e o único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

**8.3.-Moción do grupo municipal mixto (ACC/SON) para a aplicación das medidas necesarias para o seguimento, control e erradicación da especie exótica invasora denominada "Cortaderia. Spp" ou "herba da pampa".**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) expón que o seu grupo municipal entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

***"Á ALCALDIA DO CONCELLO DE CARRAL***

*O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN** para a aplicación das medidas necesarias para o **seguimento, control e erradicación da especie exótica invasora denominada "Cortaderia. Spp", ou "herba da pampa"** , ó obxecto de ser incluida na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais causas de perda da biodiversidade e a introdución destas especies invasoras pode ocasionar graves perxuicios a economía e mesmos a saúde pública.*

*Existe unha gran preocupación pola crecente expansión destas especies. Froito diso e que o Convenio das Nacións Unidas sobre a Diversidade Biolóxica, ratificado por España en 1993, recoñeceu a existencia deste problema e estableceu, que na medida dás súas posibilidades, impedirase que se introduzan, controlen o erradiquen as especies exóticas que ameacen os ecosistemas, os hábitats ou as especies. Neste contexto a nivel europeo, o Consello de Europa no marco do Convenio de Berna relativo á conservación da vida silvestre e o medio natural en Europa, ratificado por España, elaborou no ano 2004 a Estratexia Europea sobre Especies Exóticas Invasoras.*

*O avance normativo máis notable na loita contra as especies exóticas invasoras supuxo a promulgación da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, onde no seu artigo 52.2, establécese que as administracións públicas competentes prohibirán a introducción de especies, subespecies ou razas xeográficas autóctonas, cando estas sexan susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.*

*Ademáis o artigo 61.1 creo o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, no que se ha de incluir todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constitúan, de feito, ou poidan chegar a constituir unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía, ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.*

*Conplementariamente, o artigo 61.4, prescribe a necesidade de seguimento das especies exóticas con potencial invasor.*

*Así mesmos o Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, polo que se regula a listaxe e catálogo español de especies exóticas invasoras, o resulta de aplicación en todo o territorio español, recolle como especie exótica invasora a Cortaderia. Spp, coñecida con nome común como herba da pampa ou carrizo da pampa.*

*Esta especie exótica invasora está a suscitar preocupación entre os vecinos, xa ca mesma está a estenderse no noso C oncello de xeito preocupante, existindo lugares nos cáles está eliminando ó toxo e a silva.*

*Por todos os motivos expostos, a Asemblea de Carral, propón o Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes*

***ACORDOS***

*1. Que o Concello de Carral solicite do Ministerio de medio ambiente, medio rural e mariño así como da Xunta de Galicia a aplicación das medidas necesarias para o seguimento, control e posible erradicación desa especie exótica invasora.*

*2.A adopción de medidas por parte do Concello de Carral para evitar o abandono de restos de especies vexetais exóticas.*

*3.Que o Concello de Carral requira dos titulares de terreos que faciliten información e acceso ós representantes das autoridades competentes co fin de verificar a presenza de especies exóticas invasoras e, no seu caso, poder tomar as medidas adecuadas para o seu control e erradicación.*

*4.A creación dunha Rede de Alerta para a vixilancia de especies exóticas invasoras, conforme ao establecido no Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, polo que se regula a listaxe de catálogo de especies exóticas invasoras.*

*Carral, a 15 de marzo de 2016*

*César Bergondo*

*Voceiro da Asemblea de Carral".*

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

**DEBATE**

O señor Alcalde manifesta que votará a favor da proposta por estar de acordo con ella, mais indica que, por exemplo, na Coruña xa non medra tanto na Fonte das Catalinas. Indica que

diante da súa casa xa acaba até cos toxos. Considera que non estaría de máis que os titulares das estradas coma a nacional, a Xunta de galicia, ou os concellos que desbrozan, a fosen eliminando de onde se propaga, pola autovía cara a San Vicente e na nacional dende A Rocha. Coida, asemade, que había que organizar charlas ou remitir circulares aos veciños, pois ningún animal as come nin pode acabar con ellas. Así, reitera a súa opinión de que había que facer partícipes aos titulares das estradas, e que a concellaría de Medio Ambiente debía facer chegar aos veciños que non son tan bonitas como parecen.

O señor Bergondo Trillo pregunta se a Deputación está a fornecer fitosanitarios, ao que o señor Alcalde resposta que non tivo apoio a moción da Alternativa dos Veciños. Reitera que, na súa opinión, debería erradicarse das estradas e logo en cada concello, e publicitar que é unha especie invasora, así como pedir ao Ministerio de Fomento, á Deputación e á Xunta de Galicia que a eliminen cando desbrocen.

**VOTACIÓN E ACORDOS**

Sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada polo grupo municipal mixto (ACC/SON), esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

**1.**-Que o Concello de Carral solicite do Ministerio de medio ambiente, medio rural e mariño así como da Xunta de Galicia a aplicación das medidas necesarias para o seguimento, control e posible erradicación desa especie exótica invasora.

**2.**-A adopción de medidas por parte do Concello de Carral para evitar o abandono de restos de especies vexetais exóticas.

**3.**-Que o Concello de Carral requira dos titulares de terreos que faciliten información e acceso ós representantes das autoridades competentes co fin de verificar a presenza de especies exóticas invasoras e, no seu caso, poder tomar as medidas adecuadas para o seu control e erradicación.

**4.**-A creación dunha Rede de Alerta para a vixilancia de especies exóticas invasoras, conforme ao establecido no Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, polo que se regula a listaxe de catálogo de especies exóticas invasoras.

**8.4.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á revisión catastral e moción do grupo municipal do PP na mesma materia.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O **GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE de CARRAL**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación presenta a seguinte MOCIÓN relativa a REVISIÓN CATASTRAL, con base na seguinte*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas dos concellos, vai ocasionar un impacto importate sobre os*

*habitantes do medio rural en xeral e sobre todo sobre as explotacións agrarias e gandeiras.*

*Esta revisión da resposta a aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización.*

*Este proceso consiste fundamentalmente en catastrar todas as fincas no orural, así como a dar de alta bens como instalación tústicas que son catalogadas de almacéns ou vivendas.*

*Isto ten como consecuencia que as intalacións agrarias inclúense no Imposto de bens Inmobles, é dicir, pasar a pagar instalación que ata agora estaban exentas de facelo.*

*Tal como recolle o artigo 74 da Lei Reguladora das Facendas Locais que permite as bonificacións potestativas, e establece que "os concellos mediante unha ordenanza poderán regular as bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposta a favor dos inmobles nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal dpor darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de ocupación.*

*Do mesmo xeito a normativa permite ó Concello decidir o coeficiente a aplicar sobre o valor catastral enteo o 0,3% e o 0,9%.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Carral, dado a importancia que o sector agrario representa neste Concello e actual crise do mesmo, para que poida continuar como dinamizador fundamental e base da nosa economía productiva e polo tanto de especial interese municipal, insta ó Pleno munciipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

*Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmobles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.*

*Para as explotacións agrícolas e gandeiras ó coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será o de 0,3 €.*

*marzo 2016*

*Voceiro/a Grupo Municipal Socialista*

***ALCALDE/ALCALDESA-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.".***

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) expón que, ante o aumento gravoso do IBI, o seu grupo municipal coida que habería que beneficiar aos que permite a lei, pois sofren as subidas de impostos e a baixada das cotas do leite.

O señor Alcalde manifesta que o grupo municipal do PP tamén quere presentar unha moción similar, e propón que se voten conxuntamente.

A señora Duarte Gerpe (voceira do grupo municipal do PP), dá leityra á moción qu propón o seu grupo, como segue:

*"O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Florinda Duarte Gerpe, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:***

***<u>EXPOSICIÓN DE MOTIVOS</u>***

*O Goberno galego, co seu presidente e a conselleira do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.*

*O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenrolen a súa actividade*

*dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, cómpre, que dende o Goberno Central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

*Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.*

*Por tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de A Coruña, propoño ao Concello de Carral a aprobación dos seguintes ACORDOS:*

*Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.*

*Segundo.- Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplas posibles na súa tributación.*

*Terceiro.- Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.*

*Carto.- Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

*Quinto.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

*Sexto.- Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.*

*Carral, A 18 de Marzo de 2016.*
*Asinado: Florinda Duarte Gerpe*
*Voceiro/concelleiro do Grupo Municipal do PP".*

O señor Alcalde manifesta que lle parece posible refundilas, e opina que sería importante darlle traslado á FEGAMP, porque non temos datos de como afectarían ao IBI. Así, coida que, por exemplo, Santa Comba, ou Mazaricos, que son concellos rurais, poderían quedar case sen IBI. Engade que estamos sensibilizados co problema do leite, mais que hai que ter en conta que tamén son explotacións agrarias os viveiros ornamentais ou as granxas de visóns, ou a finca de 120 hectáreas dunha multinacional coma Saprogal. Pensa que a maioría está a atravesar momentos malos, igual ca outros sectores, e que, por iso, tamén poderían vir, por exemplo, as empresas de materiais de construción, a pedir exencións do IBI. Por todo iso, opina que sería máis viable se se fixese a través da FEGAMP.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia das mocións, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

**VOTACIÓN E ACORDOS**

Sen máis debate, sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, **adoptando os seguintes acordos (para a iniciación dos correspondentes expedientes):**

Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmobles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.

Para as explotacións agrícolas e gandeiras ó coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será o de 0,3 €.

Sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP, esta é tamén aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, **adoptando os seguintes acordos (para a iniciación dos correspondentes expedientes, e indicando o señor Alcalde que se debería solicitar á FEGAMP un estudo económico sobre os efectos da baixada do IBI):**

**1.-** Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.

**2.-** Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplas posibles na súa tributación.

**3.-** Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

**4.-** Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**5.-** Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**6.-** Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.

**8.5.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación ao preacordo subscrito polos xefes de Estado e o Goberno da UE con Turquía.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O **GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE de CARRAL**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación presenta a seguinte Moción en relación ao preacordo subscrito polos xefes do Estado e o Goberno da UE de Turquía.*

***Exposición de motivos:***

*O pasado martes 8 de marzo, as e os Xefes do Estado e de Goberno da Unión Europea alcanzaron un principio de acordó para por en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os emigrantes –incluidas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión recoloquen a un número equivalente de personas refuxiadas sisias asentadas xa en Truquía, e doutras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco.*

*Os e as socialistas españois consedeeamos que, de confirmarse devantido pacto, a Unión Europea non estaría a respectar os convenios internacionais sobre dereito internacional de asilo. E que estaríamos a asistir ademais ao proceso de deconstrucción da Unión Europea. Os eas socialistas españois non recoñecemos esta Europa, e cremos que no se pode facer un acordó de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas emigrantes como moeda de cmabio, porque o consideramos inadmisible.*

*Desde o PSOE consiederamos que as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, ante a crise máis grave que vive desde a Segunda Guerra Mundial, asinaron un preacordo inmoral e de dubidosa legalidade, que, de confirmarse os termos aos que tivemos acceso a través das información recollidas polos medios de comunicación, contraviene claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.*

*O PSOE mostra a súa adhesión ás peticións de organización non gubernamentais, Alto Comisionado da ONU para as persoas refuxiadas, e activistas prol dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia de retirada do preacordo de Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndolles con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.*

*É por todo o anterior que o Grupo Municipal Socialista do concello de Carral presenta a seguinte Moción para o seu debate e aprobación en Pleno:*

*1.- O Pleno do Concello de Carral mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Truquía que contempla a devolcuón a Turquía de todos os emigrantes –incluidas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.*

*2.- O Pleno do Concello de Carral esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta o Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordó, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o*

*dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.*

*3.-O Pleno do Concello de Carral sumase ao Manifesto "Pasaxe Segura" subscrito por multitude de organización sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e os seus Estados Membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 membros da Unión Europea.*

*marzo 2016*

*Voceiro/a Grupo Municipal Socialista*

***ALCALDE/ALCALDESA-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL."***

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que agora avergoña a moitos dicir que se é europeo, e opina que se debería rexeitar o acordo da Unión Europea con Turquía.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia das mocións, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

**DEBATE**

A señora Duarte Gerpe (voceira do grupo municipal do PP) explica que a moción foi presentada hai uns días. Indica que están agora a discutir a cuestión en Bruxelas, e manifesta que ela tamén é moi solidaria e que ten gañas de que veñan os refuxiados, mais que na Unión Europea hai outros Estados que non queren que veñan. Engade que é un problema, mais que é a realidade do que está a pasar. Adianta que o seu grupo está a favor de apoiar a moción, mais lembra que xa se votou no Parlamento conxuntamente sobre ese tema, e o Presidente do Goberno en funcións está con ese plantexamento de todos. Pregúntalle ao señor Couto se, aínda que se aprobase a moción, quere que se transmita, ao que este responde afirmativamente.

A señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PSdeG-PSOE) agradece a intención de aprobar a moción, mais lembra que o Pleno tamén tratou a cuestión da "cidade refuxio" e que, cando se propuxo o albergue de Sergude, dixeron que había sitios máis dignos, cando agora se ve que é un luxo en comparación cos campos de Turquía.

A señora Duarte Gerpe replica que reubicar non é só dar de comer e onde durmir, e que as persoas que peden asilo político precisan vivendas, colexios e unha vida normal coma a de calquera familia. Engade que a xente ten que entrar documentada, en condicións, e con un posto de traballo, e non sostida polas Administracións, pois non é un caso coma o dos nenos saharauis, que están aquí tres meses e despois voltan.

**VOTACIÓN E ACORDOS**

Sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, **adoptando os seguintes acordos :**

**1.-** O Pleno do Concello de Carral mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes –incluidas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

**2.-** O Pleno do Concello de Carral esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta o Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

**3.-**O Pleno do Concello de Carral súmase ao Manifesto "*Pasaxe Segura*" subscrito por multitude de organización sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e os seus Estados Membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 membros da Unión Europea.

**9.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**9.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)**

**1.-** O señor Bergondo Trillo pregunta se vai haber unha hipotética participación do Concellod e Carral co entramado taurino, xa que lles ofreceron a tres Concellos a organización dun acto deste tipo, algúns deles contrarios ao uso de fondos públicos para iso. Pregunta se o Concellod e Carral ofreceu algunha proposta de colaboración a algunha empresa deste tipo e que opinión lle merece ao equipo de goberno esta cuestión.

**2.-** En relación ao Camiño Inglés, lembra que fixo unha pregunta sobre o paso de peóns, que non estaba no proxecto da Xunta de galicia, e que o señor Alcalde lle confirmou que si. Engade que a Xunta de Galicia dá por finalizada a obra na súa web, mais non hai tal paso de peóns.

**3.-** Lembra que o pleno aprobou unha moción sobre os roteiros, e pregunta se se ten pensado comezar os traballos, agora que empeza a primavera.

**4.-** Solicita que o departamento de maedio ambiente comprobe un verquido incontrolado de augas a un foxo na rúa Río de Canles.

5.- Ao fío dos refuxiados, solicita que se retire da fachada da Casa do Concello a bandeira da Unión Europea coma mostra de rexeitamento á iniciativa de "*botar fóra*" aos refuxiados.

**9.2-Pregunta do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)**

O señor Couto López pregunta cando lle van entregar os documentos que leva pedindo dende hai meses, coma o plan director de EMALCSA ou a relación de maquinaria do Concello, pois sempre que lle pregunta ao Secretario, este di que non sabe.

**9.3-Pregunta do señor Orgeira Campelo(grupo municipal do PSdeG-PSOE)**

**1.-** O señor Orgeira Campelo manifesta que lle pediron os veciños de Quembre que transmitise que no camiño que vai á Fonte de Santa Rosa, na zona de Esperante, hai que pasar coma un túnel pechado de maleza, e solicita que o limpe o Concello ou os lindantes.

**2.-** Lembra que no pleno anterior preguntou sobre a responsabilidade no uso do campo dos Capelos, e pregunta se se tomou algunha medida ao respecto, pois indica que aos poucos días "*houbo un follón gordo alí, cunha pelexa entre dous equipos*".

A este respecto, o señor Regueira Moar (concelleiro de Deportes, do grupo municipal do PP) explica que está vendo co técnico de Deportes como facer un papela para que cada equipo se faga responsable do que pase, pois cada día pasan polas instalacións moitos equipos e, sen ter a ninguén vixiando é difícil tre control. Engade que terán unha reunión cos equipos para que dean ideas sobre eses modelos.

O señor Orgeira pregunta que pasa se se dan eses problemas nas instalacións municipais, ao que o señor Alcalde resposta que hai altercados ata nos partidos da Champions, pola xente sen civismo que realiza actos vandálicos e coida que tentarán poñer cordura os que estean alí.

**9.4-Respostas do señor Alcalde**

No tocante aos roteiros, o señor Alcalde explica que se comezará a desbrozar e a cambiar a cartelería na Costa da Égoa e no Camiño Vello de Santiago. Opina que non hai moito civismo nalgúns veciños, e que se tarda por algúns procesos xudiciais coma no caso da Fonte de Santa Rosa.

En relación á proposta sobre a retirada da bandeira da Unión Europea, coida que sería "*unha forma de poñerlles as pilas*", mais indica que hai que ter en conta que representa a 28 países, e que os radicalismos e os caprichos non son bos. Opina que as persoas normais se solidarizan cos refuxiados, mais a ultradereita, que non os quere, tamén fai a mesma proposta de retirar bandeiras. Considera que non hai que ser radicais, e facer entender que hai que estudar o asunto e "*non dar noxo*", e ver que se trata de seres humanos. Opina que non é bo que a xente teña que preguntarse por que non está a bandeira da Unión Europea do Concello, pois podería deducir que son uns "*fachas*". O señor Bergondo Trillo replica que el solicitou retirala coma un acto simbólico, e logo voltar poñela, non queimala.

O señor Alcalde indica que toma nota en relación á auga de Río Canles, ao que o señor Bergondo Trillo resposta que o verquido é dun fluído, mais que non sabe cal.

En relación ás Travesas, o señor Alcalde indica que non está rematada a obra, e que faltan algúns remates. Engade que houbo algunhas queixas en relación ás bandas rugosas, porque non deixan durmir aos veciños, e explica que se haberá de emendar o problema, igual có do paso de peóns, aínda que os técnicos insisten en que este non se debería poñer, porque moitos coches non pararían a pesares do sinal, e esperan que non pase nada.

O señor Bergondo Trillo lémbralle a súa pregunta sobre os touros, ao que o señor Alcalde resposta que nunca foi aos touros nin se parou a velos, mais que a moitas persoas lles gustan. Explica que ningún concelleiro asinou nada e menos que supuxese poñer "*un peso*" para ningún evento. En calquera caso, lembra que o acontecemento da Historia de Carral no que houbo máis público foi unha corrida en 1956.

En relación á solicitude do señor Couto de información sobre o parque móbil do Concello, respóstalle que "*mire que non ten que facer o Secretario*" e que vai "*para longo*". En canto aoplan director, di que chegou a semana pasada un CD, e que fará unha copia para a Alcaldía e outra para o señor Couto, e explica que se trata dun plan director da Xunta de Galicia que fixo EMALCSA e que "*non pense noutra cousa*". O señor Couto replica que é o que marca o convenio do Concello con EMALCSA, ao que o señor Alcalde replica que si, mais supeditado a Augas de Galicia.

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**
*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.:*

Ao non existir máis temas que tratar, ás 14 horas e 05 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de cincuenta e unha páxinas numeradas do un ao cincuenta e un , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

| O ALCALDE | O SECRETARIO DO CONCELLO |
| --- | --- |
| José Luis Fernández Mouriño | Diego García Doval |